

CONCIERTOS  
ESCOLARES EN LA CALLE

# MUSIQUEANDO

#NOSIMPORTALAMUSICA

[musiqueando2018.weebly.com](http://musiqueando2018.weebly.com)



**26 DE ABRIL**

EN CUALQUIER CALLE O PLAZA  
DE TU BARRIO O CIUDAD.  
PREGUNTA EN TU CENTRO  
EDUCATIVO MÁS CERCANO.

[www.coaem.com](http://www.coaem.com) • [facebook.com/COAEM.musica](https://facebook.com/COAEM.musica) • [@coaemcoaem](https://twitter.com/coaemcoaem)

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2017-18  
DEPARTAMENTO DE MÚSICA  
IES VIRXE DO MAR. NOIA

## INDICE DA PROGRAMACIÓN

REFLEXIÓN	4
A. LEXISLACIÓN	5
B.INTRODUCCIÓN	5
C. CONTEXTUALIZACIÓN	8
D. OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	9
E. CONTRIBUCIÓN DA MÚSICA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE	11
1. PRIMEIRO DE ESO. OBRADOIRO MUSICAL	13
1.1. OBXECTIVOS	13
1.2.CONTIDOS	14
1.3.TEMPORALIZACIÓN	16
1.4.CONCRECCIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E CRITERIOS DE AVALIACIÓN	17
1.5. ESTÁNDARES AVALIABLES.GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA	23
1.6. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	23
1.7. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	24
1.8. METODOLOXÍA E MATERIAL DIDÁCTICO	24
1.9. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A A PRÁCTICA DOCENTE	24
1.10. MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADES	25
1.11. DESEÑO DE AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS	25
1.12. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS	25
2.SEGUNDO DE ESO. MÚSICA	
2.1.OBXECTIVOS	26
2.2.CONCRECCIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, CONTIDOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN. TEMPORALIZACIÓN	27
2.3.ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	36
2.4.CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN	37
2.5.METODOLOXÍA E MATERIAL DIDÁCTICO	39
2.6.INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE	40
2.7.MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE	41
2.8.DESEÑO DE AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS	42
2.9.ELEMENTOS TRANSVERSAIS	42
3.TERCEIRO DE ESO. MÚSICA	
3.1.OBXECTIVOS	43
3.2.CONCRECCIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, CONTIDOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN. TEMPORALIZACIÓN	44
3.3.ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	53
3.4.CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN	55
3.5.METODOLOXÍA E MATERIAL DIDÁCTICO	56
3.6.INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE	57
3.7.MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE	58
3.8.DESEÑO DE AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS	58
3.9.ELEMENTOS TRANSVERSAIS	59

## 4. CUARTO ESO. MÚSICA

4.1.OBXECTIVOS	59
4.2.CONCRECCIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, CONTIDOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN. TEMPORALIZACIÓN	60
4.3.ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	67
4.4.CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN	69
4.5.METODOLOXÍA E MATERIAL DIDÁCTICO	70
4.6.INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE	71
4.7.MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE	72
4.8.DESEÑO DE AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS	72
4.9.ELEMENTOS TRANSVERSAIS	73

## 5. PRIMEIRO BACHARELATO. LINGUAXE E PRÁCTICA MUSICAL

INTRODUCCIÓN	73
5.1.OBXECTIVOS DE BACHARELATO	75
5.2.OBXECTIVOS DA AREA DE MÚSICA	76
5.3.CONCRECCIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, CONTIDOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN. TEMPORALIZACIÓN	77
5.4.ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	81
5.5.CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN	83
5.6.METODOLOXÍA E MATERIAL DIDÁCTICO	84
5.7.ORGANIZACION DE PROCEDEMENTOS PARA ACREDITAR COÑECEMENTOS PREVIOS	86
5.8.MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE	
5.9.ELEMENTOS TRANSVERSAIS	

## 6.SEGUNDO BACHARELATO. HISTORIA DA MÚSICA E DA DANZA

INTRODUCCIÓN	87
6.1.OBXECTIVOS DE BACHARELATO	88
6.2.OBXECTIVOS DE 2 BACH PARA HMD	89
6.3.CONCRECCIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, CONTIDOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN.	90
6.4.ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	98
6.5.CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN	135
6.6.METODOLOXÍA DIDÁCTICA	132
6.7.ORGANIZACION DE PROCEDEMENTOS PARA ACREDITAR COÑECEMENTOS PREVIOS	137
6.8.MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE	137
6.9.ELEMENTOS TRANSVERSAIS	

F. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE	139
G. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DE MATERIAS PENDENTES	140
H.ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES DO DEPARTAMENTO	140
I. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA	141

## REFLEXIÓN

A programación didáctica debe ser o documento que permita ao docente o desenvolvemento da súa actividade, e dicir, conseguir que o seu alumnado acade as competencias básicas que o preparen para afrontar a seguinte etapa educativa. Ao mesmo tempo garante ao alumnado que o seu aprendizaxe esté dotado dos coñecementos, aptitudes, destrezas, que lle permitan afrontar a seguinte etapa educativa, ou que o preparen para o mundo laboral. Garante ademáis unha cualificación do alumnado libre de arbitrariedades, estandarizada e obxectiva, como dicta a LOMCE.

O longo dos máis de 25 anos como docente, teño convivido con varias reformas educativas, LOXE, LOE, LOMCE, e sufrido en todas elas o tedioso e inhóspito traballo de elaborar ano tras ano a programación didáctica ; cada ano con nova terminoloxía, cada vez máis farragosa, con termos que ninguén se molestou en ternos explicado, unhas veces en galego, outras en castelan, (dependendo do goberno do momento), en ocasións sen ter moi claro cal é a nova materia que temos que programar, como funcionará o noso alumnado nela ( xa que debido a improvisación da implantación das novas materias, tampoco poido ser informado como nos gustaría, porque nos mesmos estamos improvisando...).Pero os docentes, acostumados como estamos a sacar os cursos adiante, a pesar das improvisacións dos gobernos, compartimos, interpretamos, supoñemos, termos imposibles ,índices indescifrables, para sacar adiante a nosa programación. Todo isto, pese a que as persoas responsables de desenvolver completamente a LOMCE, aínda non informaron aos centros educativos das novas revalidas de 4ª ESO e 2ª Bacharelato.

O tempo que tras una nova ley de educación adicamos a elaborar a programación, réstase do que penso é o noso verdadeiro labor, e para os afortunados coma min, a nosa verdadeira vocación: preparar actividades que nos acheguen ó alumnado, que lles fagan o ensino máis doado e preto das suas vidas ;prepararnos nós mesmos para poder estar máis cercanos a súa realidade, innovar, pensar, ensinar a pensar...

Serba esta reflexión para facer unha petición persoal, e penso que colectiva, sobre un ensino alleo aos cambios de goberno, que forme persoas intelixentes, libres responsables e felices.

## A) LEXISLACIÓN

A base lexislativa para a presente programación son os seguintes documentos:

[Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de EDUCACIÓN \(LOE\)](#)- o texto consolidado, é dicir, aquel que non foi obxecto de refroma pola [Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa \(LOMCE\)](#),

[Real Decreto 1105/2014, de 26 de diciembre](#) que desenvolve o currículo de secundaria da LOMCE para todo o territorio español.

Estas leis viron completado o seu desenvolvemento curricular para a Comunidade Autónoma de Galicia no [Decreto 86/2015, do 25 de xuño](#), no que no seu anexo II desenvolve os criterios de avaliación, os contidos correspondentes e os estándares de aprendizaxe de cada unha das materias específicas. Dentro de estas atópase a materia que nos ocupa.

[Resolución do 20 de Xullo de 2017](#), da Dirección Xeral de Educación, F.P. e Innovación Educativa pola que se dictan instrucións para a implantación do Currículo

## B) INTRODUCCIÓN

A pesar do seu tratamento decepcionante na nova Lei de Educación a dimensión artística é un aspecto fundamental na formación das persoas. Históricamente foi un dos pilares básicos da formación desde os tempos antigos e medievais, polo seu valor a un tempo colaborativo, estético e creativo, porén, esas características xogan na súa contra nun sistema máis estandarizado. É comprensible, aínda que lamentable, que en España xoga tamén na súa contra a escasa tradición musical do noso país, por desgraza, carecimos de tempo para consolidar e amosar os grandes valores que unha boa formación musical pode aportar a unha sociedade.

As grandes aportacións con que a música contribúe á formación do noso alumnado, poden sistematizarse nas seguintes. Contribúe ao desenvolvemento de valores como o esforzo, a constancia, a toma de decisións, a autonomía, o compromiso e a asunción de a responsabilidades no traballo en equipo.

Asimesmo, a práctica musical mellora a memoria, a concentración, a atención, a psicomotricidade, o control das emocións, a autoestima, as habilidades para enfrontarse a un público ou a capacidade para traballar en grupo. Tamén potencia o desenvolvemento de competencias como a comunicación oral e escrita, o pensamento matemático e o coñecemento tecnolóxico e científico. Por outra banda, contribúe a entroncar a súa experiencia curricular co seu entorno inmediato. O entorno dos nosos alumnos adolescentes é particularmente multimedia e a presenza da música constante, ensinalles a súa comprensión, uso e valoración, contribúe en grande medida a crear un pensamento crítico e unha maior autonomía no mundo da información na que viven inmersos.

### **Música: linguaxe e comunicación.**

A música, como ben cultural e como linguaxe e medio de comunicación non verbal, constitúe un elemento cun valor incuestionable na vida das persoas. Na actualidade vivimos nun contacto permanente coa música, sen dúbida, a arte máis poderosamente masivo do noso tempo.

### **Música e tecnoloxía**

O desenvolvemento tecnolóxico foi modificando considerablemente os referentes musicais da sociedade pola posibilidade dunha escoita simultánea de toda a produción musical mundial a través dos discos, a radio, a televisión, os xogos electrónicos, o cine, a publicidade, Internet, etc. Ese mesmo desenvolvemento tecnolóxico abriu, á súa vez, novas canles para a interpretación e a creación musical, tanto de músicos profesionais como de calquera persoa interesada en facer música.

### **O mundo exterior e o aula**

Desde esta perspectiva, o currículo de Música para a Educación Secundaria Obrigatoria pretende establecer puntos de contacto entre o mundo exterior e a música que se aprende nas aulas, creando as canles necesarias para estimular no alumnado o desenvolvemento da percepción, a sensibilidade estética, a expresión creativa e a reflexión crítica, ata chegar a un grao de autonomía tal que posibilite a participación activa e informada en actividades vinculadas coa audición, a interpretación e a creación musical.

### **Características evolutivas do alumnado**

Ao carácter máis global que a materia de Educación artística presenta na Educación Primaria, sucede nesta etapa unha aproximación máis diferenciada e analítica. Isto correspóndese coas características evolutivas do alumnado, nun momento en que a súa capacidade de abstracción experimenta un desenvolvemento notable. Esta diferenciación non impide, con todo, que a

materia sígase articulando ao redor de dous eixos fundamentais, percepción e expresión, vinculados á súa vez, e de forma directa, coa adquisición dunha cultura musical básica e necesaria para todos os cidadáns.

### **A percepción e a expresión musical**

A percepción refírese nesta materia ao desenvolvemento de capacidades de discriminación auditiva, de audición activa e de memoria comprensiva da música, tanto durante o desenvolvemento de actividades de interpretación e creación musical como na audición de obras musicais en directo ou gravadas.

Pola súa banda, a expresión refírese ao desenvolvemento de todas as capacidades vinculadas coa interpretación e a creación musical. Desde o punto de vista da interpretación, o ensino e a aprendizaxe da música céntranse en tres ámbitos diferenciados pero estreitamente relacionados: a expresión vocal, a expresión instrumental e o movemento e a danza. Mediante o desenvolvemento destas capacidades trátase de facilitar o logro dun dominio básico das técnicas requiridas para o canto e a interpretación instrumental, así como axústelos rítmicos e motores implícitos no movemento e a danza. A creación musical remite á exploración dos elementos propios da linguaxe musical e á experimentación e combinación dos sons a través da improvisación, a elaboración de arranxos e a composición individual e colectiva.

### **A música, referente da mocidade**

O tratamento dos contidos que integran estes dous eixos debe facerse tendo en conta que, na actualidade máis que noutras épocas, a música é un dos principais referentes de identificación da mocidade. O feito de que o alumnado séntaa como propia constitúe, paradoxalmente, unha vantaxe e un inconveniente no momento de traballala no aula: vantaxe, porque o valor, así como as expectativas e a motivación respecto desta materia son elevadas; inconveniente, porque o alumnado, ao facela súa, posúe sesgos confirmatorios moi arraigados.

A presenza da música na etapa de Educación Secundaria Obrigatoria debe considerar como punto de referencia o gusto e as preferencias do alumnado pero, simultaneamente, ten que concibir os contidos e o fenómeno musical desde unha perspectiva creativa e reflexiva, intentando alcanzar cotas máis elevadas de participación na música como espectador, intérprete e creador.

### **A música e as outras materias**

A calidade interdisciplinaria da música propicia e implica establecer vínculos cun gran número de materias que conforman o currículo para formar o cadro cultural

no que as creacións musicais desenvolvéronse ao longo do tempo, e favorece a consecución de xeito máis diversificado dos obxectivos xerais da etapa. A música en toda a súa dimensión permite unha dobre función no desenvolvemento do alumno, desde o punto de vista do desenvolvemento persoal e na formación dos fundamentos técnicos e científicos do enriquecemento cultural. Así pois, é necesaria unha sólida formación musical como elemento indispensable na educación das persoas.

O ensino da música ten que potenciar as capacidades de escoitar, recoñecer e reter as relacións que configuran as estruturas musicais, e por iso mesmo ten que orientar na diversificación de gustos musicais e na formación dun espírito crítico e de fomento de valores de convivencia e disciplina. Hai músicas de gran riqueza, pero só uns poucos poden ou saben gozalas debido a que o gran público non está capacitado para percibir a gran cantidade de parámetros musicais que se ofrecen. Trátase, pois, dun problema de educación. Non é que lles guste ou non lles guste, senón que non teñen as ferramentas nos seus oídos e no seu entendemento para emitir un xuízo de gusto.

### **Actitudes que se debe potenciar**

As clases de música teñen que transcorrer nun clima de respecto para coa materia, de participación, e de atención á diversidade do alumnado.

As actividades complementarias e extraescolares serán soportes importantes no desenvolvemento da materia e na formación e motivación dos alumnos.

## **C) CONTEXTUALIZACIÓN**

A presente programación refírese ao departamento de música do IES Virxe do Mar de Noia, un centro que durante o presente curso conta cuns 400 alumnos e alumnas de Educación Secundaria Obligatoria, Bacharelato e un Ciclo Formativo de Video DJ Asimesmo conta cunha sección da EOI de Santiago de Francés e inglés. O centro ten dous edificios, un edificio antigo (no que se atopan as oficinas e despachos de dirección, un aula de idiomas, as aulas nas que se imparte o Ciclo Formativo, un salón de actos chamado Aula Álvaro de las Casas, os laboratorios de Ciencias, Física química, as aulas de Debuxo, Tecnoloxía e Música, e salas para los distintos departamentos) e un edificio de recente creación, destinado a aulas, biblioteca, sala de profesorado, Departamento de Orientación e sala de atención a pais.

O concello de Noia conta cunha poboación de uns 14.000 habitantes que na maioría dos casos adicanse a actividades relacionadas con el mar o marisqueo e ó sector servicios.



No concello temos dous colexios públicos, dous de ensino concertado, dous centros de Enseñanza Secundaria e Bacharelato, una sección da EOI de Santiago, e un Conservatorio Municipal de Música.

A maioría do alumnado procede do colexio público Cernadas de Castro, aínda que tamén hai alumnado procedente dos outros centros, e incluso doutros concellos. Hai un número considerable de alumnos e alumnas que simultanean sus estudos secundarios o de bacharelato, con estudos musicais ou de danza.

No presente curso 2017-18 o Departamento de música imparte asignaturas en todos os niveis, de 1º de ESO a 2º Bach contando con 160 alumnos e alumnas.

O centro conta cun aula específica de Música de unos 70 metros, dividido en dúas zonas; una zona na que se atopan as sillas do alumnado e profesora e outra destinada á interpretación e danza na que se atopan os instrumentos orff, atris, teclado, batería, guitarras etc. A aula conta ademáis cunha pizarra dixital, equipo de son e conexión a internet.

O alumnado é un alumnado homoxeneo en canto a súa procedencia. Temos poucos alumnos que proveñan doutros países, culturas ou relixións, o que fai que os seus intereses culturais sexan similares.

## **D) OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBLIGATORIA**

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

## **E) CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS**

As competencias básicas que foron concretadas polas autoridades europeas, sobre as que se debe asentarse a formación do noso alumnado son:

- 1.-Comunicación lingüística. (CCL)**
- 2.-Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. (CMCCT)**
- 3.-Competencia dixital. (CD)**
- 4.-Aprender a aprender. (CAA)**
- 5.-Competencias sociais e cívicas. (CSC)**
- 6.-Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. (CSIEE)**
- 7.-Conciencia e expresións culturais. (CCEC)**

A materia de Música contribúe de forma directa á adquisición da **competencia de conciencia e expresións culturais (CCEC)** en todos os aspectos que a configuran. Fomenta a capacidade de apreciar, comprender e avaliar criticamente diferentes manifestacións culturais e musicais, a través de experiencias perceptivas e expresivas e do coñecemento de músicas de diferentes culturas, épocas e estilos. Pode potenciar, así, actitudes abertas e respectuosas e ofrecer elementos para a elaboración de xuízos fundamentados respecto das distintas manifestacións musicais, establecendo conexións con outras linguaxes artísticas e cos contextos social e histórico aos que se circunscribe cada obra.

A orientación desta materia, na que a expresión desempeña un papel importante, permite adquirir habilidades para expresar ideas, experiencias ou sentimentos de forma creativa, especialmente presentes en contidos relacionados coa interpretación, a improvisación e a composición, tanto individual como colectiva, que á súa vez estimulan a imaxinación e a creatividade. Por outra banda, unha mellor comprensión do feito musical permite a súa consideración como fonte de pracer e enriquecemento persoal.

Colabora ao desenvolvemento da **competencia de autonomía e espírito emprendedor (CSIEE)** mediante o traballo en colaboración ao que antes nos referimos e a habilidade para planificar e xestionar proxectos. A interpretación e a composición son dous claros exemplos de actividades que requiren unha

planificación previa e a toma de decisións para obter os resultados desexados. Por outra banda, nas actividades relacionadas especialmente coa interpretación musical, desenvólvense capacidades e habilidades tales como a perseveranza, a responsabilidade, a autocrítica e a autoestima, sendo estes factores clave para a adquisición desta competencia.

A música contribúe tamén á **competencia social e cívica (CSC)**. A participación en actividades musicais de distinta índole, especialmente as relacionadas coa interpretación e creación colectiva que requiren dun traballo cooperativo, colabora na adquisición de habilidades para relacionarse cos demais. A participación en experiencias musicais colectivas dá a oportunidade de expresar ideas propias, valorar as dos demais e coordinar as propias accións coas dos outros integrantes do grupo responsabilizándose na consecución dun resultado.

A toma de contacto cunha ampla variedade de músicas, tanto do pasado como do presente, favorece a comprensión de diferentes culturas e da súa achega ao progreso da humanidade, e con iso a valoración dos demais e os trazos da sociedade en que se vive.

A música tamén contribúe ao desenvolvemento da **competencia para aprender a aprender (CAA)**, potenciando capacidades e destrezas fundamentais para a aprendizaxe guiada e autónoma como a atención, a concentración e a memoria, á vez que desenvolve o sentido da orde e da análise. Por unha banda, a audición musical necesita unha escoita reiterada para chegar a coñecer unha obra, recoñecela, identificar os seus elementos e apropiarse da mesma. Por outra, todas as actividades de interpretación musical e de adestramento auditivo requiren a toma de conciencia sobre as propias posibilidades, a utilización de distintas estratexias de aprendizaxe, a xestión e o control eficaz dos propios procesos. En todos estes casos, é necesaria unha motivación prolongada para alcanzar os obxectivos propostos desde a autoconfianza no éxito da propia aprendizaxe.

A música tamén contribúe de xeito directo ao desenvolvemento do tratamento da información e **competencia dixital (CD)**. O uso dos recursos tecnolóxicos no campo da música posibilita o coñecemento e dominio básico do hardware e o software musical, os distintos formatos de son e de audio dixital e as técnicas de tratamento e gravación do son, relacionados, entre outros, coa produción de mensaxes musicais, audiovisuais e multimedia. Favorece, así mesmo, o seu aproveitamento como ferramenta para os procesos de autoaprendizaxe e a súa posible integración nas actividades de lecer.

Ademais, a obtención de información musical require destrezas relacionadas co tratamento da información, aínda que desde esta materia merece especial consideración o uso de produtos musicais e a súa relación coa distribución e os dereitos de autor.

Desde o punto de vista da competencia no **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. (CMCCT)**, a música realiza a súa achega de varios xeitos, por un lado está clara a vinculación da linguaxe musical e a linguaxe matemáticas, a linguaxe musical está baseada e reflicte no papel as proporcións matemáticas que existen entre os sons seleccionados para a nosa

linguaxe musical, como dicía Leibniz, “*música é o pracer que experimenta a mente humana ao contar sen decatarse*”, porén quen aprende a ler unha partitura, a crear ritmos e a interpretar unha serie de acordes ou a facer un acompañamento harmónico si que debe decatarse de que está a contar, con respecto ás competencias básicas en ciencia e en tecnoloxía, a mellor achega da música refírese á mellora da calidade do medio ambiente identificando e reflexionando sobre o exceso de ruído, a contaminación sonora e o uso indiscriminado da música, co fin de xerar hábitos saudables. Ademais, os contidos relacionados co uso correcto da voz e do aparello respiratorio non só para conseguir resultados musicais óptimos, senón tamén para previr problemas de saúde, inflúen no desenvolvemento desta competencia.

Respecto da competencia en **comunicación lingüística (CL)**, a música contribúe, do mesmo xeito que outras materias, a enriquecer os intercambios comunicativos, e á adquisición e o uso dun vocabulario musical básico. Tamén colabora á integración da linguaxe musical e a linguaxe verbal e á valoración do enriquecemento que xera dita interacción.

## **PRIMEIRO DE ESO**

### **1. OBRADOIRO DE MUSICA**

O pasado curso 2015-2016, este departamento presentou un proxecto para a creación da asignatura **Obradoiro de Musica**, como asignatura de libre configuración de centro, que foi aprobado pola Consellería de Educación para impartirse en 1º de ESO.

A Asociación de Profesorado de Música de Galicia (ASOMUSICA), presentou posteriormente un proxecto da asignatura, para que esta poidese ser impartida como asignatura de libre configuración autonómica, que foi aprobado en xuño do presente ano. Nos dous casos a finalidade era evitar que existise un curso (1º ESO), no que a ensinanza da música non estivese presente e que isto producise unha ruptura cos coñecementos e destrezas adquiridos na educación primaria.

En definitiva, este departamento plantexou esta asignatura, que só ten unha carga lectiva de unha hora a semana, como unha asignatura eminentemente práctica, na que o alumnado non esqueza os contidos e destrezas aprendidas, reafirme o gusto pola música, e disfrute da práctica musical. Os catro bloques nos que se articula a asignatura de música, Interpretación e creación, escoita, contextos musicais, e música e tecnoloxías están representados en cada unha das unidades que se deseñaron para esta asignatura.

Por outra banda, para articular a asignatura tomouse como fio condutor, en gran parte, o calendario de conmemoracións, coa intención de darlle un carácter de transversalidade, colaborar con outros departamentos e implicar o alumnado recién chegado coa vida do centro

### **1.1.OBXECTIVOS.**

- a. Conseguir que o alumnado tome conciencia da importancia da formación musical para o seu desenvolvemento persoal
- b. Fomentar a creatividade do alumnado
- c. Fomentar o traballo conxunto, tanto pola participación en actividades de interpretación vocal como instrumental ou de danza.
- d. Aprender a escoitar, en silencio o que favorecerá, entre outras cousas, a capacidade de concentración, atención ...
- e. Entender a responsabilidade que todo individuo ten nunha actividade de conxunto
- f. Fomentar a participación na vida artística do centro.
- g. Descubrir xéneros e estilos musicais aos que dificilmente acceden por si solos.
- h. Potenciar a sensibilidade ante a música
- i. Coñecer e respectar gustos musicais distintos.
- l. Potenciar a capacidade de expresión do alumnado a través doutros mecanismos distintos da linguaxe falada ou escrita.
- m. Reforzar os coñecementos e as destrezas adquiridas durante a educación primaria, e preparamos para afrontar a asignatura de música de segundo de ESO

### **1.2 CONTIDOS**

#### **1. Todo o Ritmo que hai en min**

Esta unidade está pensada para que o alumnado experimente dun xeito rápido, divertido e ameno o ritmo

1.1 Actividade de ritmo cos seus nomes, con distintas variantes. Actividade de independencia de mans e pes sobre o tema **Snow** de Red Hot Chily pepers

1.2 Actividade de ritmo e lectura sinxela de notas. Interpretamos un breve acompañamento con placas sobre o tema **Shake it off**. Percusión con baquetas e coreografía sinxela

1.3. Actividade de ritmo con percusión de vasos sobre el tema “**Cheerleader**”. Ademais entrego un esquema para diferenciar estrofas e estribillos

1.4. Actividade de percusión con boomwakers sobre el tema **Count on me**. Coreografía básica y lectura melódica sinxela para acompañar o tema.

## 2. Bailar pegados

Actividade de iniciación a danza. A finalidade desta unidade é fomentar a desinhibición e o sentido do ritmo na danza.

2.1 Danza Tzadik Katamar

2.2 Danza Alunelul

2.3 Actividade de preparación de coreografía sobre Wimowe. Instrucións dos distintos pasos de danza para os distintos grupos. Teñen que interpretar e transmitir ós demais.

## 3. Eu Canto, ti cantas ela canta

Actividades para a conmemoración do día contra a violencia de xénero, 25 de novembro

3.1 Canción “**Que nadie**”, Malú

3.1 Canción “**Ella**”, Bebe

## 4. Chega Nadal

Actividades de instrumentación e canto para conmemorar o nadal

4.1. Preparación de villancico instrumental

4.2. Villanvico **Chistmas Lullaby**

## 5. Día da Paz

Actividades para conmemorar o día da paz

5.1. Rap pola paz

5.2. Danza pola paz

## 6. Recuperamos a flauta

Actividades destinadas a retomar a flauta dulce.

## 7. A vida é un carnaval

Unidade adicada a celebración do antroido en distintos países do mundo.

Interpretación de coreografía de salsa sobre o tema de Celia Cruz” **La vida es un carnaval**”

## 8. Como cantas as mulleres.

Unidade relacionada coa conmemoración do Día Internacional da muller.

8.1. interpretamos o tema “**Matriarcas**” de Guadi galego.

8.2 Interpretamos coa flauta un tema da arpista Catriona Mckay.

## 9. Chicas de ópera

Actividade de achegamento ao mundo da ópera

## 10. Chicos de ópera

Actividade de achegamento ao mundo da ópera

## 11. Agora escribo a miña música

Unidade relacionada coa conmemoración do Día do Libro

11.1. Actividade para recoñecer estruturas sobre o tema “**Sugar**” de Maroon Five.

11.2. Compoñemos unha canción sobre unha base instrumental dada.

## 12. Os pinos; o himno galego e outro himnos

Actividade adicada á conmemoración do día das letras galegas .

## 13. Galegos e Modernos

Unidade adicada a investigación de grupos de música galegos de actualidade

13.1. Actividade sobre o rap “**Baila**” de O son do galpom.

13.2. Investigación. Asistimos a biblioteca do centro, para escoller un disco dun grupo galego e posteriormente, na aula, cos ordenadores abalar, investigamos sobre o mesmo.

#### 14. Ti a música e eu...

Unidade adicada á música programática. Sobre un lied de Schubert, facemos unha escenografía dun teatro de sombras. En colaboración co departamento de plástica.

#### 1.3. TEMPORALIZACIÓN.

O curso para esta asignatura, conta cunhas 37 sesións lectivas. Todas as actividades están deseñadas para ocupar unha ou dúas sesións, aínda que o desenvolvemento do grupo marcará o ritmo. En alguna ocasión a temporalización ou mesmo a orde dalgunhas das actividades, poderase alterar dependendo do avance, gustos ou necesidades do grupo.

Unidade 1.....	Setembro e tres primeiras semana de outubro
Unidade 2.....	Última demana de outubro, dúas de novembro
Unidade 3.....	Terceira e cuarta semanas de novembro
Unidade 4.....	Última semana de novembro, resto de decembro
Unidade 5.....	Tres semanas de xaneiro
Unidade 6.....	Ultima semana de xaneiro e segunda e terceira de febreiro.
Unidade 7.....	Cuarta semana de febreiro
Unidade 8.....	Segunda e terceira semanas de marzo
Unidade 9.....	Cuarta semana de marzo
Unidade 10 .....	Quinta semana de marzo. Primeira de abril
Unidade 11.....	Cuarta e quintas semanas de abril. Primeira de maio
Unidade 12.....	Segunda e terceira semana de Maio
Unidade 13.....	Cuarta e quinta semanas de maio e segunda de xuño
Unidade 14.....	Tercera semana de xuño



## 1.4. CONCRECIÓN DOS ESTANDARES DE APRENDIZAXE E CRITERIOS DE AVALIACIÓN

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTANDARES DE APRENDIZAXE
T1	<p>T1.1. Identificar o pulso, identificar os acentos. ser capaz de sentir o pulso dun tema.</p> <p>T1.2. Ser capaz de marcar o pulso ou acompañar o tempo con claves ou outro instrumento de percusión</p> <p>T1.3. Realizar pequenos pasos dunha coreografía sinxela, axustándose ao ritmo</p> <p>T1.4. Leer notas en valores de redonda ou branca para poder acompañar unha melodía moi sinxela, con placas</p> <p>T1.5. Intentar manter unha correcta posición para interpretar coas placas.</p> <p>T1.6. Manter un certo grao de silencio e concentración que permita a interpretación en grupo.</p> <p>T1.7. Ter unha actitude positiva, paciente, e esforzarse en conseguir o obxectivo proposto.</p> <p>T1.8. Mostrar unha actitude de respecto hacia o resto dos compañeiros e compañeiras.</p> <p>T 1.9. Coidar o material da aula de música e aprender os mecanismos de interpretación con distintos instrumentos orff</p>	<p>OMT1.1.1. Identifica o pulso, identificar os acentos. É capaz de sentir o pulso dun tema.</p> <p>OMT1.1.2. É capaz de marcar o pulso ou acompañar o tempo con claves ou outro instrumento de percusión</p> <p>OMT1.1.3. Realiza pequenos pasos dunha coreografía sinxela, axustándose ao ritmo</p> <p>OMT1.1.4. Lee notas en valores de redonda ou branca para poder acompañar unha melodía moi sinxela, con placas</p> <p>OMT1.1.5. Mantén unha correcta posición para interpretar coas placas.</p> <p>OMT1.1.6. Respecta o silencio e as directrices da interpretación en grupo.</p> <p>OMT1.1.7. Ten unha actitude positiva, paciente, e esforzase en conseguir o obxectivo proposto.</p> <p>OMT1.1.8. Mostra respecto hacia o resto dos compañeiros e compañeiras.</p> <p>OMT1.1.9. Coida o material da aula de música e aprender os mecanismos de interpretación con distintos instrumentos orff</p>
T2	<p>T2.1. Ser capaz de realizar unha coreografía sinxela, mantendo o ritmo e respectando a estrutura da danza cunha actitude positiva, aberta e mostrando respecto hacia as limitacións dos seus compañeiros e compañeiras.</p> <p>T2.2. Ser capaz de entender a descrición escrita dos pasos que integran a danza “Wimowe”, e transmitir ou consensuar coas súas compañeiras ou compañeiros a instrucións dadas.</p>	<p>OMT2.1.1. Realiza unha coreografía sinxela, mantendo o ritmo</p> <p>OMT2.1.2. Entende e respecta a estrutura da danza cunha actitude positiva, aberta e mostrando respecto hacia as limitacións dos demais.</p> <p>OMT2.1.3. Respecta o silencio e as directrices da danza en grupo.</p> <p>OMT2.1.4. Identifica o pulso, identifica os acentos. É capaz de sentir o pulso dun tema.</p> <p>OMT2.2.1. É capaz de comprender as instrucións escritas que describen os pasos dunha danza.</p> <p>OMT2.2.2. Entende pequenos diagramas simbólicos que representan os pasos dunha danza.</p> <p>OMT2.2.3. É capaz de transmitir e consensuar cos seus compañeiros, de xeito verbal as instrucións dadas, empregando unha linguaxe correcta, sen berros e respectando os turnos de palabra.</p>

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTANDARES DE APRENDIZAXE
T3	<p>T3.1 Ser capaz de interpretar as cancións propostas cunha correcta entoación, colocación da voz e articulación, repirando adecuadamente.</p> <p>T3.2. Mostrar unha actitud comprensiva e solidaria hacia o tema da violencia de xénero.</p> <p>T3.3 Manter unha actitud positiva fronte á interpretación vocal e de respecto hacia os compañeiros e compañeiras</p>	<p>OMT3.1.1 É capaz de interpretar as cancións propostas cunha correcta entoación, colocación da voz e articulación, repirando adecuadamente.</p> <p>OMT3.1.2 Esforzase na interpretación vocal, intentando mellorar a entoación e o fraseo.</p> <p>OMT3.1.3. Axustase á interpretación en grupo.</p> <p>OMT3.1.4. Mantén o pulso e o ritmo dos temas propostos.</p> <p>OMT3.2.1 Mostra unha actitud comprensiva e solidaria hacia o tema da violencia de xénero.</p> <p>OMT3.3.1 Mostra unha actitud positiva fronte á interpretación vocal e respecta as limitacións dos compañeiros e compañeiras</p>
T4	<p>T4.1 Ser capaz de interpretar as cancións propostas cunha correcta entoación, colocación da voz e articulación, repirando adecuadamente.</p> <p>T4.2 Ser capaz de facer unha instrumentación en grupo</p>	<p>OMT4.1.1 É capaz de interpretar as cancións propostas cunha correcta entoación, colocación da voz e articulación, repirando adecuadamente.</p> <p>OMT4.1.2 Esfórzase na interpretación vocal, intentando mellorar a entoación e o fraseo.</p> <p>OMT4.1.3. Axústase á interpretación en grupo.</p> <p>OMT4.1.4. Mantén o pulso e o ritmo dos temas propostos.</p> <p>OMT4.2.1 É capaz de facer unha instrumentación en grupo, respectando o pulso, ritmo, e cunha correcta posición</p> <p>OMT4.2.2. Axústase á interpretación en grupo, respectando o silencio e mantendo a concentración</p> <p>OMT4.2.3. Ten unha actitude positiva, paciente, e esforzase en conseguir o obxectivo proposto.</p> <p>OMT4.2.4. Coida o material da aula de música e aprender os mecanismos de interpretación con distintos instrumentos orff</p>

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTANDARES DE APRENDIZAXE
T5	<p>T5.1 Aprender a técnica do Rap recoñecendo como unha forma poética do século XXI.</p> <p>T5.2 Coñecer o problema dos países que viven en guerra e mostrar unha actitude positiva coas persoas que a sufren.</p> <p>T5.3 Mellorar nas interpretación colectivas, tanto de danza como de interpretación vocal</p>	<p>OMT5.1.1 Pode interpretar un tema sinxelo coa técnica do rap.</p> <p>OMT5.1.2 Entende o texto e o reproduce con sentido.</p> <p>OMT5.2.1. Mostrase respectuoso e sensible hacia a problemática dos países en guerra</p> <p>OMT5.1.3. Comprende a importancia dos raperos, como novos poetas do século XXI, e a función que cumpren como denunciante das situacións de inxusticia.</p> <p>OMT5.3.1. Axustase á interpretación en grupo.</p> <p>OMT5.3.2. Mantén o pulso e o ritmo dos temas propostos.</p> <p>OMT5.3.3. Ten unha actitude positiva, paciente, e esforzase en conseguir o obxectivo proposto.</p>
T6	<p>T6.1 Repasar as posición das notas na flauta dulce, especialmente as da man esquerda.</p> <p>T6.2. Manter unha correcta posición corporal para interpretar coa flauta, respirando adecuadamente, soprando e articulando correctamente os sons</p> <p>T6.3. Manter unha actitude positiva hacia este instrumento, valorando como un dos instrumentos máis adecuados para a interpretación en grupo.</p>	<p>OMT6.1.1 Coñece ou aprende a posición das notas na flauta dulce</p> <p>OMT6.1.2 Aprende con soltura a posición das notas que se interpretan coa man esquerda: Re´, Do´, Si, La, Sol.</p> <p>OMT6.2.2 Mantén unha correcta posición corporal, respira, e tapa correctamente os buratos da flauta para que o son sexa o adecuado.</p> <p>OMT6.2.3. É capaz de leer unha melodía sinxela, no rexistro xa sinalado, e interpretar á vez.</p> <p>OMT6.2.4. Mantén o pulso e o tempo das cancións propostas e axustase a interpretación en grupo</p> <p>OMT6.3.1 Mantén unha actitude positiva e intenta mellorar na súa interpretación da flauta</p>

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTANDARES DE APRENDIZAXE
T7	<p>T7.1. Ser capaz de realizar unha coreografía sinxela, mantendo o ritmo e respectando a estrutura da danza cunha actitude positiva, aberta e mostrando respecto hacia as limitacións dos seu compañeiros e compañeiras.</p> <p>T7.2 Coñecer a orixe do Antroido, noutras culturas e especialmente na propia</p>	<p>OMT7.1.1. Realiza unha coreografía sinxela, mantendo o ritmo</p> <p>OMT7.1.2. Entende e respecta a estrutura da danza cunha actitude positiva, aberta e mostrando respecto hacia as limitacións dos demais.</p> <p>OMT7.1.3. Respecta o silencio e as directrices da danza en grupo.</p> <p>OMT7.1.4. Identifica o pulso, identifica os acentos. É capaz de sentir o pulso dun tema.</p> <p>OMT7.1.5 Divirtese coa danza e síntese cada vez máis deshinibido co feito de facelo en grupo e diante dos seus compañeiros e compañeiras</p> <p>OMT7.2.1. Mostra interese por coñecer a orixe do antroido e as manifestacións destas festas na cultura propia e noutras</p>
T8	<p>T8.1 Ser capaz de interpretar as cancións propostas cunha correcta entoación, colocación da voz e articulación, respirando adecuadamente.</p> <p>T8.2 Manter unha actitude positiva fronte á interpretación vocal e de respecto hacia os compañeiros e compañeiras</p> <p>T8.3. Manter unha correcta posición corporal para interpretar coa flauta, respirando adecuadamente, soprando e articulando correctamente os sons.</p> <p>T8.4. Mellorar na interpretación grupal, tanto vocal, como instrumental</p>	<p>OMT8.1.1 É capaz de interpretar as cancións propostas cunha correcta entoación, colocación da voz e articulación, respirando adecuadamente.</p> <p>OMT8.1.2 Esfórzase na interpretación vocal, intentando mellorar a entoación e o fraseo.</p> <p>OMT8.1.3. Axustase á interpretación en grupo.</p> <p>OMT8.1.4. Mantén o pulso e o ritmo dos temas propostos.</p> <p>OMT8.2.1. Ten unha actitude positiva, paciente, e esforzase en conseguir o obxectivo proposto.</p> <p>OMT8.3.1 Mantén unha correcta posición corporal, respira, e tapa correctamente os buratos da flauta para que o son sexa o adecuado.</p> <p>OMT8.4.1 É capaz de facer unha instrumentación en grupo, respectando o pulso, ritmo, e cunha correcta posición</p> <p>OMT8.4.2. Axústase á interpretación en grupo, respectando o silencio e mantendo a concentración</p>
T9	<p>T9.1 Coñecer basicamente a ópera, as súas partes, e algunhas arias femininas das protagonistas de 4 óperas diferentes</p> <p>T9.2. Mostrar curiosidade e interese por coñecer este xénero antes de emitir un xuízo crítico</p>	<p>OMT9.1.1 Mostra unha actitude de curiosidade e respecto ante o xénero óperístico.</p> <p>OMT9.2.1. Emite unha opinión mínimamente xustificada sobre este xénero</p> <p>OMT9.2.2. Mostra respecto hacia as opinións manifestadas por seus compañeiros e compañeiras</p>

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTANDARES DE APRENDIZAXE
T10	<p>T10.1 Coñecer basicamente a ópera, as súas partes, e algunhas arias dos protagonistas masculinos de 4 óperas diferentes</p> <p>T10.2. Mostrar curiosidade e interese por coñecer este xénero antes de emitir un xuício crítico</p>	<p>OMT10.1.1 Mostra unha actitude de curiosidade e respecto ante o xénero óperístico.</p> <p>OMT10.2.1. Emite unha opinión minimamente xustificada sobre este xénero</p> <p>OMT10.2.2. Mostra respecto hacia as opinións manifestadas por séus compañeiros e compañeiras</p>
T11	<p>T11.1 Coñecer as bases da composición musical, letra , melodías, acompañamentos armónico...</p> <p>T11.2 Aprender os fundamentos dos textos nas cancións. Escolla do tema. Estrofas e estribillos, versos, rima etc...</p> <p>T11.3 Axustar un texto escrito por eles mesmos a unha base musical dada.</p> <p>T11.4 Ser capaz de traballar en grupo consensuando o tema e a letra das cancións, e mostrando respecto hacia as opinións dos séus compañeiros e compañeiras de grupo</p>	<p>OMT11.1.1 Coñece as bases da composición musical, letra , melodías, acompañamentos armónicos...</p> <p>OMT11.2 .1 Aprende os fundamentos dos textos nas cancións. Escolla do tema. Estrofas e estribillos, versos, rima etc...</p> <p>OMT11.3.1 Axusta un texto escrito por eles mesmos a unha base musical dada.</p> <p>OMT11.4.1 É capaz de traballar en grupo consensuando o tema e a letra das cancións, e mostrando respecto hacia as opinións dos séus compañeiros e compañeiras de grupo</p>
T12	<p>T12.1 Coñecer o Himno galego, a súa letra e a música, a súa historia</p> <p>T12.2 Coñecer o himno como un xénero e os distintos tipos de himnos</p> <p>T12.3 Tentar de interpretar o Himno galego a unha soa voz</p>	<p>OMT12.1.1 Mostra interese por coñecer o himno galego, a súa historia, o significado do seu texto etc...</p> <p>OMT12.2.1 Coñece ou comparte o coñecemento doutros himnos, deportivos, patrióticos etc...</p> <p>OMT12.3.1 Esfórzase na interpretación vocal, intentando mellorar a entoación e o fraseo.</p> <p>OMT12.3.2 Axustase á interpretación en grupo.</p> <p>OMT12.3.3 Mantén o pulso e o ritmo dos temas propostos.</p> <p>OMT12.3.4 Ten unha actitude positiva, paciente, e esfórzase en conseguir o obxectivo proposto.</p>

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTANDARES DE APRENDIZAXE
T13	<p>T13.1 Coñecer grupos de música galegos, de diversos xéneros, do finais do século XX e s. XXI</p> <p>T13.2 Coñecer a sección discográfica da Biblioteca María Mariño</p> <p>T13.3 Traballar individualmente nun traballo de investigación sobre o grupo elixido, empregando para ello os ordenadores da súa aula.</p> <p>T13.4. Presentación dun traballo escrito, seguindo un esquema dado.</p> <p>T13.5 Posta en común breve para dar información o resto dos compañeiros e compañeiras sobre o grupo investigado.</p> <p>T13.6 Preparar o tema “ Baila” e interpretar en grupo</p>	<p>OMT13.1.1 Coñece ou grupos de música galegos, de diversos xéneros, do finais do século XX e s. XXI</p> <p>OMT13.2.1 Mostra interese en coñecer a sección discográfica da Biblioteca María Mariño</p> <p>OMT13.3.1 Traballa individualmente nun traballo de investigación sobre o grupo elixido, empregando para ello os ordenadores da súa aula.</p> <p>OMT13.4.1 Elabora e comparte cos seus compañeiros un traballo escrito, seguindo un esquema dado.</p> <p>OMT13.5.1 Mostra interese e respecto polo traballo dos seus compañeiros e compañeiras.</p> <p>OMT13.6.1 Preparar o tema “ Baila” e interpretar en grupo, respectando as normas da interpretación de grupo xa adquiridas durante o curso.</p>
T14	<p>T14.1 Atender as explicacións da profesora sobre a elaboración do derradeiro traballo colectivo do curso. Entender a música programática, os lieder de Schubert, o espírito de colaboración entre músicos e poetas do romanticismo</p> <p>T14.2 Comprender e colaborar na montaxe do teatro de sombras, asistindo e colaborando e aceptando o reparto de roles na montaxe do espectáculo.</p> <p>T14.3 Colaborar tanto na elaboración plástica como na montaxe final, mantendo a orde, respecto e silencio apropiado para obter un resultado óptimo</p>	<p>OMT14.1.1. Atende entende as instrucións teóricas dadas, tanto dos aspectos teóricos e musicais do proxecto, como dos aspectos plásticos.</p> <p>OMT14.2.1 Colabora na elaboración do traballo plástico</p> <p>OMT14.2.2 Manifesta opinións razoadas para a montaxe</p> <p>OMT14.2.3. Mostra unha actitude responsable, colaboradora para contribuir os logros do grupo</p> <p>OMT14.2.5 Desfruta do traballo en grupo, que ten aprendido o longo do curso, e mostrase disposto a súa gravación ou presentación en público</p>

### 1.5. ESTÁNDARES AVALIABLES.GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA.

Aprendizaxe por descubrimento: a súa base é observar e rexistrar información de xeito sistemático, da que se poida extraer conclusións. Non se trata de proporcionar directamente os coñecementos, senón de ensinarlles a manexar os que xa saben, con vistas a que eles mesmos poidan descubrir, coa axuda da profesora, outras cousas.

Método científico: parte da aproximación ao problema, seguido da

formulación dunha hipótese, dedución das consecuencias, proba, introdución das conclusións extraídas na teoría inicial e reaxuste da hipótese.

### **Modelos de aprendizaxe:**

O modelo de aprendizaxe a empregar baséase na **aprendizaxe significativa**, desde o punto de vista construtivista da interpretación pedagóxica. A partir dos coñecementos previos do alumnado, desenvólvense os contidos de xeito estruturado, de maneira que as posibilidades de que o alumnado constrúa novas aprendizaxes depende do xa aprendido, tendo en conta que cada nova aprendizaxe aumenta a capacidade de aprender. En base a este principio, terase en conta o seguinte:

Propiciar situacións que sexan motivadoras para o alumnado ou ben que favorezan a potenciación da motivación ante o fenómeno musical.

Crear contextos de aprendizaxe que lles obrigue a ter presentes os contidos xa apreñendidos.

Garantir a construción de aprendizaxes significativas e en espiral, a través da necesidade de lembrar os coñecementos adquiridos previamente.

Promover na aula un ambiente de intercambio, colaboración e interrelación, como motor da aprendizaxe.

Co **emprego das TICs e o uso de Internet** estase traballando tamén cun novo modelo de aprendizaxe: o **conectivismo**, por medio do cal a aprendizaxe está considerada coma pequenos nodos de coñecemento que sempre están en expansión. Téntase crear a idea no alumnado que o emprego das TICs ten un comezo e, a partir dese momento, todo é expansión.

O material didáctico empregado será:

- Libro de Texto “ Música clave B” Edt. McGraw Hill
- Cuaderno de pentagramas e outras ferramentas de escritura
- Flauta
- Instrumental orff, xilófonos, metalófonos etc...pequeña percusión
- Boomwakers
- Guitarra, teclado, baixo eléctrico , batería...
- Ordenador, canón de video, conexión a internet para proxección de videos musicais e materiais didácticos dixitais.

### **3.6. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.**

É fundamental que o docente sexa capaz de avaliar a súa propia práctica docente, para saber se o proceso de ensino é o apropiado. Para isto, existen una serie de indicadores de logro que recollen os catro aspectos a avaliar: seguimento da programación, atención a diversidade, exercicios e tarefas na aula e correcta aplicación dos criterios de avaliación e cualificación



Avaliación da proceso de ensino e de práctica docente (Indicadores de logro)	Escala			
	1	2	3	4
1.- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?				
2.- Conseguiuse crear un <b>conflicto cognitivo</b> que favoreza a aprendizaxe?				
3.- Conseguiuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física?				
4.- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?				
5.- Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?				
6.- Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?				
7.- Tomouse algunha medida curricular para atender al alumnado con NEAE?				
8.- Tomouse algunha medida organizativa para atender al alumnado con NEAE?				
9.- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?				
10.- Usáronse distintos instrumentos de avaliación?				
11.- Dáse un peso real á observación do traballo na aula?				
12.- Como norma xeral fanase explicacións xerais para todo o alumnado				
13.- Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?				
14.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade				
15.- Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?				
16.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar?				
17.- Intercálase o traballo individual e en equipo?				
18.- Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?				
19.- Incorporáanse ás TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe				
20.- Préstase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar?				
21.- Ofrécese ao alumnado de forma inmediata os resultados das probas/exames,etc?				
22.- Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames, etc?				
23.- Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos?				
24.- Cal é o grao de implicación nas funcións de titoría e orientación do profesorado?				
25.- Realizáronse as ACS propostas e aprobadas?				
26.- As medidas de apoio, reforzo, etc establécense vinculadas aos estándares				
27.- Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación,.. ?				

### 3.7.MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

No caso de que algún alumno ou alumna tivese algunha necesidade educativa especial que lle impedise seguir o normal desenvolvemento da clase, xunto co departamento de orientación, recolleranse os informes, e elaboraranse as actividades de reforzo que lle permitan superar a materia, independentemente de que fosen dificultades de tipo motriz, sensorial ou cognitiva. En xeral son poucas as persoas, que non poden atopar na música algún aspecto que se adecúe as súas necesidades. audición, interpretación, ritmo...

### 3.8 DESEÑO DE AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS

Partimos da base de que en este momento son a única persoa que imparte música no IES Virxe do Mar, polo que eu imparto clase a todo o alumnado, agás o que chega de novo.

Na terceira semana de curso, realizarase una proba escrita para comprobar os coñecementos adquiridos polo alumnado no curso anterior. Dita proba escrita versará sobre conceptos básicos de linguaxe música, instrumentos musicais,... As primeiras tres semanas de curso adicaranse ao repaso da materia do curso anterior, interpretando obras do curso pasado, ou outras novas de similar nivel

Para aqueles alumnos con máis dificultades, entregaráselle un material complementario, para que traballen de xeito persoal ata acadar o nivel do grupo.

### 3.9 ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Os elementos transversais que deben ser traballado na ESO son:

1. **Comprensión lectora.** Traballaremos este aspecto, facendo lecturas de textos, de letras de cancións, interpretando os pasos das danzas...
2. **Expresión escrita e oral,** que se traballará a través de breves redacción de propostas de instrumentacións ou plantexamentos de coreografías. Nas deliberacións cos seus compañeiros, ou nas respostas a determinadas preguntas
3. **A comunicación audiovisual** está permanentemente presente na aula de música xa que diariamente empregamos o canón, internet, equipos de son, facemos gravacións etc...
4. **Tecnoloxías da innovación e da comunicación.** Intento que os meus alumnos coñezan programas informáticos e apps relacionados coa aprendizaxe da música, coa grabación e reprodución do son, e coas novas tecnoloxías en xeral. Nos cursos superiores en ocasións empregamos os teléfonos móbiles en clase para traballar con algunha app
5. **Emprendemento.** O mundo da música é un mundo de emprendedores, non só no aspecto artístico senon tamén no empresarial. Compartir iniciativas para a realización de determinadas actividades grupales, desenvolver distintos roles, ou dirixir ao grupo serán prácticas na aula de música.
6. **Educación cívica e constitucional.** As actividades musicais grupales son entorno idóneos para desenvolver o civismo, o respecto, mantemento dos turnos de palabra, tolerancia, empatía etc.

## CUARTO ESO

### MÚSICA

A asignatura de música en 4º de ESO é una asignatura optativa, que conta cunha carga lectiva de tres horas semanais. Normalmente a ela acheganse alumnos e alumnas

cun claro interese pola música, pero en ocasións, tamén alumnado que intenta escapar doutras asignaturas que lle supón maior dificultade. Isto fai que en ocasións nos atopemos ante un curso heteroxeneo co que temos que traballar intentando acadar una certa homoxeneidade. Gústame abordar a asignatura dun xeito eminentemente práctico, no que cada alumno ou alumna poda ter un rol que sexa capaz de desenvolver.

Tamén é o momento no que abordar aspectos da música que non tratamos con profundidade nos dous cursos anteriores, como o tema da música na publicidade, a música no cine e outros medios audiovisuais, e o desenvolvemento da música popular urbana, temas que normalmente lles resultan moi atractivos. Estes temas prestanse a realización de traballos de investigación, tanto individuais como colectivos, que serán unha das metodoloxías máis empregadas, a diferenza dos dous cursos anteriores.

No IES Virxe do mar impartese na actualidade un ciclo de Video DJ, no que dispoñen de múltiples sistemas de grabación e reprodución de son que poden ser moi interesantes.

#### **4.1. OBXECTIVOS**

- Coñecer o papel que xoga a música nos diferentes medios audiovisuais de comunicación.
- Usar Internet e outros medios audiovisuais como a radio e a televisión para analizar os contidos musicais de diferentes programas.
- escoitar obras representativas dos diferentes xéneros musicais.
- Analizar a forma e estrutura, e recoñecer as características e contribucións de diferentes obras musicais ó ámbito da cultura musical universal.
- Empregar a voz para interpretar cancións tradicionais de diferentes países.
- Desenvolver a técnica da frauta doce.
- Utilizar a frauta e instrumentos de láminas para interpretar obras musicais.
- Practicar patróns rítmicos con instrumentos de pequena percusión e percusión corporal.
- Coñecer os diferentes tipos de software musical existentes e utilizar programas para o adestramento auditivo e a realización de tarefas audiovisuais.
- Coñecer os principais oficios relacionados co ámbito musical.
- Coñecer o papel que xogan as compañías discográficas no comercio musical actual. Analizar as fases da elaboración dun disco e ver como é un estudio de gravación.
- Participar na organización dun pequeno concerto no centro.
- Comprender como se organizan os concertos de música en directo e analizar as funcións de cada un dos membros do equipo técnico.
- Coñecer a historia e evolución do teatro musical e comprender como influíu no desenvolvemento doutros medios audiovisuais como o cine.

#### **4.2 CONCRECIÓN ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, CONTIDOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN. TEMPORALIZACIÓN**

UT	BLOQUE	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACION	ESTANDARES	CC L	TEMPORALIZACION
1	1,2,3,4	<p>A música nos medios de comunicación</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. A música na radio</li> <li>2. A música na televisión</li> <li>3. A música na publicidade:- historia da publicidade</li> <li>4. A publicidade na radio</li> <li>5. A publicidades na televisión</li> <li>6. A publicidades en internet</li> <li>7. Práctica instrumental</li> <li>8. Practica vocal</li> <li>9. Taller de danza</li> </ol>	<p>B1.1 Ensañar e interpretar, en pequeno grupo, unha peza vocal , instrumental ou coreografía, aprendida de memoria ou de observacións de gravacións ou mediante a lectura de partituras ou outros recursos gráficos</p> <p>B1.4.Analizar os procesos básicos de edición e difusión musical, considerando a intervención de distintos profesionais</p> <p>B2.1.Analizar e describir as principais características de pezas musicais apoiándose na audición e no uso de documentos como partituras textos ou musicogramas.</p> <p>B2.2. Expor de xeito crítico a opinión personal respecto de distintas músicas e eventos musicais, argumentándoa , en relación coa información obtida en diversas fontes: libros, publicidade, programas de concertos, críticas etc...</p> <p>B2.3. Utilizar terminoloxía adecuada na análise de obras e situacións musicais.</p> <p>B2.5. Distinguir as funcións que cumpre a música na nosa sociedade, atendendo a diversas variables: intención de uso, estrutura formal e medio de difusión empregado</p> <p>B2.6. Expricar algunhas das funcións que cumpre a</p>	<p>MUB1.1.1. Aplica as habilidades técnicas necesarias nas actividades de interpretación, colabora co grupo e respecta as regras fixadas para lograr un resultado acorde coas súas propias posibilidades.</p> <p>MUB1.1.2. Le partituras como apoio a interpretación</p> <p>MUB1.1.3.Coñece e cumpre as normas establecidas para realizar as actividades de aula</p> <p>MUB1.4.1.Coñece e analiza o proceso seguido en diversas producións musicais( discos, programas de radio e televisión, cine, etc...) e o papel xogado en cada fase do proceso polos/as profesionais que interveñen</p> <p>MUB2.1.1.Analiza e comenta as obras musicais propostas, axudándose de diversas fontes documentais.</p> <p>MUB2.1.2. Le e analiza partituras como apoio á audición</p> <p>MUB2.2.1. Analiza críticas musicais e utiliza un vocabulario axeitado para á elaboración de críticas orais e escritas sobre a música escoitada.</p> <p>MUB2.3.1. Utiliza con rigor un vocabulario axeitado para describir a música</p> <p>MUB2.5.1.Amosa unha actitude crítica ante o papel dos medios de comunicación na difusión e na promoción da música</p> <p>MUB2.6.1. Coñece e explica o papel da música en situacións e contextos diversos: actos da vida cotiá, espectáculos, medios de comunicación etc.</p>	<p>CA A CSC CCE C CD CSIE E CMC CT CCL</p>	<p>24</p> <p>S E S I Ó N S</p> <p>S E T E M B R O - O U T U B</p>

UT	BLOQUE	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACION	ESTANDARES	CC L	TEMPORALIZACION
2	1,2,3,4	<p>A música no cine e nos vídeoxogos</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. A música no cine. Breve historia da música no cine</li> <li>2. Funcións da música no cine</li> <li>3. A BSO. Tipos de música cinematográfica .</li> <li>4. A música nos vídeoxogos</li> <li>5. Práctica instrumental</li> <li>6. Practica vocal</li> <li>7. Taller de danza</li> </ol>	<p>B1.1 Ensañar e interpretar, en pequeno grupo, unha peza vocal , instrumental ou coreografía, aprendida de memoria ou de observacións de gravacións ou mediante a lectura de partituras ou outros recursos gráficos</p> <p>B1.2. Participar activamente nalgunhas das tarefas necesarias para a celebración de actividades musicais no centro docente: planificación, ensaio, interpretación, difusión etc...</p> <p>B1.3. Compoñer unha peza musical utilizando diferentes técnicas e recursos.</p> <p>B1.4. Analizar os procesos básicos de edición e difusión musical, considerando a intervención de distintos profesionais</p> <p>B2.1. Analizar e describir as principais características de pezas musicais apoiándose na audición e no uso de documentos como partituras textos ou musicogramas.</p> <p>B2.2. Expor de xeito crítico a opinión personal respect de distintas músicas e eventos musicais, argumentándoa , en relación coa información obtida en diversas fontes: libros, publicidade, programas de concertos, críticas etc...</p> <p>B2.3. Utilizar terminoloxía</p>	<p>MUB1.1.1. Aplica as habilidades técnicas necesarias nas actividades de interpretación, colabora co grupo e respecta as regras fixadas para lograr un resultado acorde coas súas propias posibilidades.</p> <p>MUB1.1.2. Le partituras como apoio a interpretación</p> <p>MUB1.1.3. Coñece e cumpre as normas establecidas para realizar as actividades de aula</p> <p>MUB1.1.4. Coñece e analiza o proceso seguido en diversas producións musicais( discos, programas de radio e televisión, cine, etc...) e o papel xogado en cada fase do proceso polos/as profesionais que interveñen.</p> <p>MUB1.2.1. Interpreta e memoriza un repertorio variado de cancións , pezas instrumentais e danzas cun nivel de complexidade en aumento.</p> <p>MUB1.3.1. Coñece e utiliza axeitadamente técnicas e recursos e procedementos compositivos para elaborar arranxos musicais, improvisar e compor música.</p> <p>MUB1.3.2. Utiliza con autonomía recursos informáticos ao servizo da creación musical</p> <p>MUB1.4.1. Coñece e analiza o proceso seguido en diversas producións musicais( discos programas de radio e televisión, cine etc) e o papel xogado en cada fase do proceso polos profesionais que interveñen</p> <p>MUB2.1.1. Analiza e comenta as obras</p>	<p>CA A CSC CCE C CD CSIE E CMC CT CCL</p>	<p>21</p> <p>S E S I Ó N S</p> <p>N O V E M B R O - D E C</p>

UT	BLOQUE	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACION	ESTANDARES	CC L	TEMPORALIZACION
3	1,2,3,4	A música e as artes escénicas 1.A música e a danza. O ballet. Historia do ballet e evolución cara a danza moderna. 2. A música e o teatro 3. O musical 4.Práctica instrumental 5.Practica vocal 6.Taller de danza	B1.1 Ensañar e interpretar, en pequeno grupo, unha peza vocal , instrumental ou coreografía, aprendida de memoria ou de observacións de gravacións ou mediante a lectura de partituras ou outros recursos gráficos B1.2. Participar activamente nalgunhas das tarefas necesarias para a celebración de actividades musicais no centro docente: planificación, ensaio, interpretación, difusión etc... B1.3. Compoñer unha peza musical utilizando diferentes técnicas e recursos. B1.4. Analizar os procesos básicos de edición e difusión musical, considerando a intervención de distintos profesionais B2.1. Analizar e describir as principais características de pezas musicais apoiándose na audición e no uso de documentos como partituras textos ou musicogramas. B2.2. Expor de xeito crítico a opinión personal respect de distintas músicas e eventos musicais, argumentándoa , en relación coa información obtida en diversas fontes: libros, publicidade, programas de concertos, críticas etc... B2.3. Utilizar terminoloxía	MUB1.1.1. Aplica as habilidades técnicas necesarias nas actividades de interpretación, colabora co grupo e respecta as regras fixadas para lograr un resultado acorde coas súas propias posibilidades. MUB1.1.2. Le partituras como apoio a interpretación MUB1.1.3.Coñece e cumpre as normas establecidas para realizar as actividades de aula MUB1.4.1.Coñece e analiza o proceso seguido en diversas producións musicais( discos, programas de radio e televisión, cine, etc...) e o papel xogado en cada fase do proceso polos/as profesionais que interveñen. MUB1.2.1.Interpreta e memoriza un repertorio variado de cancións , pezas instrumentais e danzas cun nivel de complexidade en aumento. MUB1.3.1.Coñece e utiliza axeitadamente técnicas e recursos e procedementos compositivos para elaborar arranxos musicais, improvisar e compor música. MUB1.3.2. Utiliza con autonomía recursos informáticos ao servizo da creación musical MUB1.4.1. Coñece e analiza o proceso seguido en diversas producións musicais( discos programas de radio e televisión, cine etc) e o papel xogado en cada fase do proceso polos profesionais que interveñen MUB2.1.1.Analiza e comenta as obras	CA A CSC CCE C CD CSIE E CMC CT CCL	21  S E S I Ó N S    X A N E I R O - F E B R E I

UT	BLOQUE	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACION	ESTANDARES	CC L	TEMPORALIZACION
4	1,2,3,4,	Os oficios da música 1. A interpretación musical 2. A composición musical 3. A dirección orquestral 4. A crítica musical 5. A produción musical 6. Práctica instrumental 7. Práctica vocal 8. Taller de danza	B1.1 Ensaiar e interpretar, en pequeno grupo, unha peza vocal , instrumental ou coreografía, aprendida de memoria ou de observacións de gravacións ou mediante a lectura de partituras ou outros recursos gráficos B1.2. Participar activamente nalgunhas das tarefas necesarias para a celebración de actividades musicais no centro docente: planificación, ensaio, interpretación, difusión etc... B1.4. Analizar os procesos básicos de edición e difusión musical, considerando a intervención de distintos profesionais B2.1. Analizar e describir as principais características de pezas musicais apoiándose na audición e no uso de documentos como partituras textos ou musicogramas. B2.2. Expor de xeito crítico a opinión personal respect de distintas músicas e eventos musicais, argumentándoa , en relación coa información obtida en diversas fontes: libros, publicidade, programas de concertos, críticas etc... B2.3. Utilizar terminoloxía adecuada na análise de obras e situacións musicais. B2.5. Distinguir as	MUB1.1.1. Aplica as habilidades técnicas necesarias nas actividades de interpretación, colabora co grupo e respecta as regras fixadas para lograr un resultado acorde coas súas propias posibilidades. MUB1.1.2. Le partituras como apoio a interpretación MUB1.1.3. Coñece e cumpre as normas establecidas para realizar as actividades de aula MUB1.1.4. Coñece e analiza o proceso seguido en diversas producións musicais( discos, programas de radio e televisión, cine, etc...) e o papel xogado en cada fase do proceso polos/as profesionais que interveñen. MUB1.2.1. Interpreta e memoriza un repertorio variado de cancións , pezas instrumentais e danzas cun nivel de complexidade en aumento. MUB1.4.1. Coñece e analiza o proceso seguido en diversas producións musicais( discos programas de radio e televisión, cine etc) e o papel xogado en cada fase do proceso polos profesionais que interveñen MUB2.1.1. Analiza e comenta as obras musicais propostas, axudándose de diversas fontes documentais. MUB2.1.2. Le e analiza partituras como apoio á audición MUB2.2.1. Analiza críticas musicais e utiliza un vocabulario axeitado para á elaboración de críticas orais e escritas sobre a	CA A CSC CCE C CD CSIE E CMC CT CCL	16 S E S I Ó N S  M A R Z O - A B R I L

UT	BLOQUE	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACION	ESTANDARES	CC L	TEMPORALIZACION
5	1,2,3,4,	<p>A música popular urbana</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Historia da música popular urbana</li> <li>2. A música a partir de 1950</li> <li>3. Música do século XXI</li> <li>4. A música galega do s. XXI</li> <li>5. Multiculturalidade da música. A fusion.</li> <li>6. Práctica instrumental</li> <li>7. Práctica vocal</li> <li>8. Taller de danza</li> </ol>	<p>B1.1 Ensañar e interpretar, en pequeno grupo, unha peza vocal , instrumental ou coreografía, aprendida de memoria ou de observacións de gravacións ou mediante a lectura de partituras ou outros recursos gráficos</p> <p>B1.2. Participar activamente nalgunhas das tarefas necesarias para a celebración de actividades musicais no centro docente: planificación, ensaio, interpretación, difusión etc...</p> <p>B1.3. Compoñer unha peza musical utilizando diferentes técnicas e recursos.</p> <p>B1.4. Analizar os procesos básicos de edición e difusión musical, considerando a intervención de distintos profesionais</p> <p>B2.1. Analizar e describir as principais características de pezas musicais apoiándose na audición e no uso de documentos como partituras textos ou musicogramas.</p> <p>B2.2. Expor de xeito crítico a opinión personal respect de distintas músicas e eventos musicais, argumentándoa , en relación coa información obtida en diversas fontes: libros, publicidade, programas de concertos, críticas etc...</p> <p>B2.3. Utilizar terminoloxía</p>	<p>MUB1.1.1. Aplica as habilidades técnicas necesarias nas actividades de interpretación, colabora co grupo e respecta as regras fixadas para lograr un resultado acorde coas súas propias posibilidades.</p> <p>MUB1.1.2. Le partituras como apoio a interpretación</p> <p>MUB1.1.3. Coñece e cumpre as normas establecidas para realizar as actividades de aula</p> <p>MUB1.4.1. Coñece e analiza o proceso seguido en diversas producións musicais( discos, programas de radio e televisión, cine, etc...) e o papel xogado en cada fase do proceso polos/as profesionais que interveñen.</p> <p>MUB1.2.1. Interpreta e memoriza un repertorio variado de cancións , pezas instrumentais e danzas cun nivel de complexidade en aumento.</p> <p>MUB1.3.1. Coñece e utiliza axeitadamente técnicas e recursos e procedementos compositivos para elaborar arranxos musicais, improvisar e compor música.</p> <p>MUB1.3.2. Utiliza con autonomía recursos informáticos ao servizo da creación musical</p> <p>MUB1.4.1. Coñece e analiza o proceso seguido en diversas producións musicais( discos programas de radio e televisión, cine etc) e o papel xogado en cada fase do proceso polos profesionais que interveñen</p> <p>MUB2.1.1. Analiza e comenta as obras</p>	<p>CA A CSC CCE C CD CSIE E CMC CT CCL</p>	<p>15 S E S I Ó N S</p> <p>A B R I L - M A I O</p>



UT	BLOQUE	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACION	ESTANDARES	CC L	TEMPORALIZACION
6	1,2,3,4,	<p>A música e as novas tecnoloxías</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Historia da gravación e reprodución do son</li> <li>2. Dispositivos electrónicos de son</li> <li>3. Software musical</li> <li>4. Internet e a música.</li> <li>5. Influencia das novas tecnoloxías na diffusion da música</li> <li>6. Música e aplicacións móbiles</li> <li>7. Trabaxando con Trackax</li> <li>8. Práctica instrumental</li> <li>9. Práctica vocal</li> <li>10. Taller de danzas.</li> </ol>	<p>B1.1 Ensañar e interpretar, en pequeno grupo, unha peza vocal , instrumental ou coreografía, aprendida de memoria ou de observacións de gravacións ou mediante a lectura de partituras ou outros recursos gráficos</p> <p>B1.2. Participar activamente nalgunhas das tarefas necesarias para a celebración de actividades musicais no centro docente: planificación, ensaio, interpretación, diffusion etc...</p> <p>B1.3. Compoñer unha peza musical utilizando diferentes técnicas e recursos.</p> <p>B1.4. Analizar os procesos básicos de edición e diffusion musical, considerando a intervención de distintos profesionais</p> <p>B2.1. Analizar e describir as principais características de pezas musicais apoiándose na audición e no uso de documentos como partituras textos ou musicogramas.</p> <p>B2.2. Expor de xeito crítico a opinión personal respect de distintas músicas e eventos musicais, argumentándoa , en relación coa información obtida en diversas fontes: libros, publicidade, programas de concertos, críticas etc...</p> <p>B2.3. Utilizar terminoloxía</p>	<p>MUB1.1.1. Aplica as habilidades técnicas necesarias nas actividades de interpretación, colabora co grupo e respecta as regras fixadas para lograr un resultado acorde coas súas propias posibilidades.</p> <p>MUB1.1.2. Le partituras como apoio a interpretación</p> <p>MUB1.1.3. Coñece e cumpre as normas establecidas para realizar as actividades de aula</p> <p>MUB1.4.1. Coñece e analiza o proceso seguido en diversas producións musicais( discos, programas de radio e televisión, cine, etc...) e o papel xogado en cada fase do proceso polos/as profesionais que interveñen.</p> <p>MUB1.2.1. Interpreta e memoriza un repertorio variado de cancións , pezas instrumentais e danzas cun nivel de complexidade en aumento.</p> <p>MUB1.3.1. Coñece e utiliza axeitadamente técnicas e recursos e procedementos compositivos para elaborar arranxos musicais, improvisar e compor música.</p> <p>MUB1.3.2. Utiliza con autonomía recursos informáticos ao servizo da creación musical</p> <p>MUB1.4.1. Coñece e analiza o proceso seguido en diversas producións musicais( discos programas de radio e televisión, cine etc) e o papel xogado en cada fase do proceso polos profesionais que interveñen.</p> <p>MUB2.1.1. Analiza e comenta as obras</p>	<p>CA A CSC CCE C CD CSIE E CMC CT CCL</p>	<p>15</p> <p>S E S I Ó N S</p> <p>M A I O</p>

#### 4.3. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA. PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Para avaliar a asignatura clasificaremos os estándares de aprendizaxe en TRES tipos. Estándares prácticos( bloque 1 e 2, escoita e creación e interpretación), estándares teóricos( Bloques 3 e 4; contextos e tecnoloxías) e estándares de actitude. Estes estándares serán avaliados nas tres avaliacións.

Os instrumentos de avaliación na asignatura de música serán:

- Lectura individual de exercicios de linguaxe musical.
- Interpretación individual con flauta das obras traballadas en clase.
- Interpretación de exercicios rítmicos.
- Interpretación colectiva de obras musicais de distintos xéneros, estilos ...con instrumentos de percusión, instrumental orff.
- Interpretación de coreografías sinxelas previamente preparadas en clase
- Realización de exercicios escritos( dous por avaliación) que acrediten ter aprendido os conceptos teóricos explicados na clase
- Realización de traballos de investigación sobre un tema concreto.
- Observación das actitudes amosadas polo alumnado en canto a interpretación colectiva, interese en mellorar na materia; respecto, e comportamento correcto na aula, interese en participar nas actividades propostas...

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES			
Estándares	Instrumentos	Grao mínimo	Porcentaxe cualificación

<b>Estándares bloque 1</b>	Lectura de partituras de distinta dificultad. Compases simplese en clave de sol.	50%	40%
MUB1.1.1 Sabe interpretar correctamente os elementos da linguaxe musical, notas, figuras, indicacións de tempo , intensidade, compases etc...acordes o nivel explicado			
MUB1.2.1.É capaz de interpretar coa flauta una partitura mentras a lee.	Partituras para flauta	50%	
MUB1.3.1. É capaz de interpretar con instrumentos de percusión orff, nunha instrumentación de conxunto	Partituras para orquesta orff	50%	
MUB1.4.1É capaz de manter un ritmo constante nas súas interpretacións	Exercicios de ritmo. Escritos ou propostas orales	50%	
MUB1.5.1.É capaz de realizar sinxelas coreografías	Propostas orales ou gráficas de coreografías	50%	
<b>Estándares bloque 2</b>	Prob as de audición	50%	40%
MUB2.1.1Recoñece auditivamente, distintas voces e instrumentos e é capaz de clasificalas			
MUB2.2.1 Recoñece distintas obras musicais,de diferentes estilos e xéneros e as clasifica polas súas características.	Audicións de distintas obras musicais	50%	
MUB2.3.1. Coñece os conceptos teóricos das unidades correspondentes. Exprésase de xeito escrito con corrección, coherencia e una correcta ortografía	Proba escrita	50%	
MUB2.4.1. Emprega correctamete distintas fontes de información para o estudo e a elaboración de traballos.	T r a b a l l o individual Rúbrica	2 p	
MUB2.5.1.É capaz de expor traballos públicamente, utilizando plataformas dixitais para a elaboración e exposición dos mesmos	T r a b a l l o individual Rúbrica		
<b>Estándares bloque 3</b>	Observación en aula e rúbrica	2 p	20%
MUB3.1.1.Amosa una actitude positiva, e intenta superarase día a día para conseguir os obxectivos propostos			
MUB3.2.1.Manten una actitude de respecto, e un comportamento correcto hacia a profesora e os compañeiros	Observación en aula e rúbrica	2 p	

MUB3.3.1. Mantén a orde e o silencio adecuados nas interpretacións colectivas.	Observación en aula e rúbrica	2 p
MUB3.4.1. Trae o material a clase para poder seguir correctamente o desenvolvemento das mesmas	Observación na aula e rúbrica	2 p
MUB3.5.1. Realiza as tarefas sempre que se lle encomendan, tanto individuais como en grupo.	Observación na aula e rúbrica	2 p

#### 4.4 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

Para la cualificación del alumnado sumaremos los puntos obtenidos en las pruebas realizadas para evaluar cada uno de los estándares, dividida por el número de las mismas. Se aplicará el porcentaje para cada uno de los bloques

No caso das rúbricas estas serán puntuadas ata un máximo de 4 puntos, dividindo o resultado da suma total polo número das mesmas.

As probas escritas e orais (interpretacións), estarán calificadas sobre 10 puntos

A cualificación final do alumnado será de 1 a 10 puntos.

Ningún alumnado poderá cualificar positivamente se obtén un cero nalguna dos bloques

Para poder acadar una cualificación positiva e a promoción o alumnado deberá obter ao menos 5 puntos.

Exemplo:

Avaliamos 5 estándares do bloque 1 (sumamos os puntos e dividimos entre 5) = 40% da cualificación

4 estándares do bloque 2 (Sumamos os puntos e dividimos entre 4) = 40% da cualificación

5 estándares do bloque 3 (Sumamos os puntos e dividimos entre 5) = 20% da cualificación.

Aqueles alumnados que non superasen unha avaliación, poderán recuperar a sempre que aproben a avaliación seguinte.

Para aqueles alumnos que tivesen dous o máis avaliacións suspensas realizarase una recuperación final que versará sobre os contidos mínimos sinalados.

Coa finalidade de subsanar problemas de promoción no alumnado que presente problemas de aprendizaxe, valorarse positivamente na cualificación final, o

esforzó e interés amosado polo alumnado cara a asignatura. Así mesmo valorárase de xeito negativo o abandono da asignatura por parte do alumnado (non asistir a exames sen causa xustificada)

#### 4.5. METODOLOXÍA. MATERIAL DIDÁCTICO.

##### - Principios metodolóxicos:

A actividade: supón a posta en marcha dunha serie complexa de variables que, debido ó talante da materia de música, poden ser corporais, intelectuais, espirituais, afectivas, sociais e interpretativas.

A unidade de teoría e práctica: o xeito de mesturar a práctica e a teoría a través da actividade precisa dun principio de intervención educativa que teña como base a investigación persoal, por parte da profesora, e do alumnado, tanto individual como en grupo. No proceso de aprendizaxe, o alumnado deberá expresar as propias ideas, opinións e valoracións, no marco dunha análise, que obrigue a unha síntese e un debate aberto sobre elas, con vistas ó desenvolvemento da capacidade reflexiva, o sentido crítico e a capacidade analítica.

A atención personalizada: en todo momento a profesora terá en conta a dimensión individual e afectiva de cada membro do grupo, partindo das súas capacidades (dentro das lóxicas limitacións da nosa ensinanza).

A creatividade: mediante a inclusión de actividades que estimulen o pensamento (exercicios, traballos, prácticas, investigacións...)

A socialización: potenciando as relacións do grupo entre si e o traballo de equipo (que supón a práctica vocal, instrumental e/ou corporal).

A globalización: dotando á programación dun enfoque interdisciplinar, aproveitando os puntos de contacto co currículo doutras materias e cos temas transversais.

##### Métodos didácticos:

Método de proxectos: aproxima ao alumnado situacións complexas con vistas a que tenten resolvelas dun xeito creativo, estimulando a imaxinación, a creatividade e a aplicación das súas propias experiencias. O alumnado debe partir dunha globalización, de ter en conta tódolos datos coñecidos, con vistas a confrontalos para atopar a mellor solución.

Aprendizaxe por descubrimento: a súa base é observar e rexistrar información de xeito sistemático, da que se poida extraer conclusións. Non se trata de proporcionar directamente os coñecementos, senón de ensinarlles a manexar os que xa saben, con vistas a que eles mesmos poidan descubrir, coa axuda da profesora, outras cousas.

Método científico: parte da aproximación ao problema, seguido da formulación dunha hipótese, dedución das consecuencias, proba, introdución das conclusións extraídas na teoría inicial e reaxuste da hipótese.

##### Modelos de aprendizaxe:

O modelo de aprendizaxe a empregar baséase na **aprendizaxe significativa**, desde o punto de vista construtivista da interpretación pedagóxica. A partir dos coñecementos previos do alumnado, desenvólvense os contidos de xeito estruturado, de maneira que as posibilidades de que o alumnado constrúa novas aprendizaxes depende do xa aprendido, tendo en conta que cada nova aprendizaxe aumenta a capacidade de aprender. En base a este principio, terase en conta o seguinte:

Propiciar situacións que sexan motivadoras para o alumnado ou ben que favorezan a potenciación da motivación ante o fenómeno musical.

Crear contextos de aprendizaxe que lles obrigue a ter presentes os contidos xa apreñendidos.

Garantir a construción de aprendizaxes significativas e en espiral, a través da necesidade de lembrar os coñecementos adquiridos previamente.

Promover na aula un ambiente de intercambio, colaboración e interrelación, como motor da aprendizaxe.

Co **emprego das TICs e o uso de Internet** estase traballando tamén cun novo modelo de aprendizaxe: o **conectivismo**, por medio do cal a aprendizaxe está considerada coma pequenos nodos de coñecemento que sempre están en expansión. Téntase crear a idea no alumnado que o emprego das TICs ten un comezo e, a partir dese momento, todo é expansión.

O material didáctico empregado será:

- Cuaderno de pentagramas e outras ferramentas de escritura
- Flauta
- Instrumental orff, xilófonos, metalófonos etc...pequeña percusión
- Boomwakers
- Guitarra, teclado, baixo eléctrico , batería...
- Ordenador, canón de video, conexión a internet para proxección de videos musicais e materiais didácticos dixitais.
- Ordenadores aula informática, para empregar programas informáticos de grabación, video, edición de partituras etc

#### **4.6. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.**

É fundamental que o docente sexa capaz de avaliar a súa propia práctica docente, para saber se o proceso de ensino é o apropiado. Para isto, existen una serie de indicadores de logro que recollen os catro aspectos a avaliar: seguimento da programación, atención a diversidade, exercicios e tarefas na aula e correcta aplicación dos criterios de avaliación e cualificación

<b>Avaliación da proceso de ensino e de práctica docente</b>	<b>Escala</b>			
(Indicadores de logro)	1	2	3	4
1.- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?				

2.- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?					
3.- Conseguiuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física?					
4.- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?					
5.- Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?					
6.- Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?					
7.- Tomouse algunha medida curricular para atender al alumnado con NEAE?					
8- Tomouse algunha medida organizativa para atender al alumnado con NEAE?					
9.- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?					
10.- Usáronse distintos instrumentos de avaliación?					
11.- Dáse un peso real á observación do traballo na aula?					
12.- Como norma xeral fanase explicacións xerais para todo o alumnado					
13.- Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?					
14.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade					
15.- Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?					
16.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar?					
17.- Intercálase o traballo individual e en equipo?					
18.- Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?					
19.- Incorporáranse ás TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe					
20.- Préstase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar?					
21.- Ofrécese ao alumnado de forma inmediata os resultados das probas/exames,etc?					
22.- Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames, etc?					
23.- Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos?					
24.- Cal é o grao de implicación nas funcións de titoría e orientación do profesorado?					
25.- Realizáronse as ACS propostas e aprobadas?					
26.- As medidas de apoio, reforzo, etc establécense vinculadas aos estándares					
27.- Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación,.. ?					

#### 4.7.MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

No caso de que algún alumno ou alumna tivese algúnha necesidade educativa especial que lle impidise seguir o normal desenvolvemento da clase, xunto co departamento de orientación, recolleranse os informes, e elaboraranse as actividades de reforzo que lle permitan superar a materia, independentemente de que fosen dificultades de tipo motriz, sensorial ou cognitiva. En xeral son poucas as persoas, que non poden atopar na música algún aspecto que se adecúe as súas necesidades. audición, interpretación, ritmo...

#### 4.8 DESEÑO DE AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS

Partimos da base de que en este momento son a única persoa que imparte música no IES Virxe do Mar, polo que eu imparto clase a todo o alumnado, agás o que chega de novo.

Na terceira semana de curso, realizarase unha proba escrita para comprobar os coñecementos adquiridos polo alumnado no curso anterior. Dita proba escrita versará sobre conceptos básicos de linguaxe música, instrumentos musicais, ... As primeiras tres semanas de curso adicaranse a repaso da materia do curso anterior, interpretando obras do curso pasado, ou outras novas de similar nivel

Para aqueles alumnos con máis dificultades, entregaráselle un material complementario, para que traballen de xeito persoal ata acadar o nivel do grupo.

#### **4.9 ELEMENTOS TRANSVERSAIS**

Os elementos transversais que deben ser traballados na ESO son:

**1. Comprensión lectora.** Traballaremos este aspecto, facendo lecturas de textos, de letras de cancións, interpretando os pasos das danzas...

**2. Expresión escrita e oral,** que se traballará a través de breves redaccións de propostas de instrumentacións ou plantexamentos de coreografías. Nas deliberacións cos seus compañeiros, ou nas respostas a determinadas preguntas

**3. A comunicación audiovisual** está permanentemente presente na aula de música xa que diariamente empregamos o canón, internet, equipos de son, facemos gravacións etc...

**4. Tecnoloxías da innovación e da comunicación.** Intento que os meus alumnos coñezan programas informáticos e apps relacionados coa aprendizaxe da música, coa grabación e reprodución do son, e coas novas tecnoloxías en xeral. Nos cursos superiores en ocasións empregamos os teléfonos móbiles en clase para traballar con algunha app

**5. Emprendemento.** O mundo da música é un mundo de emprendedores, non só no aspecto artístico senon tamén no empresarial. Compartir iniciativas para a realización de determinadas actividades grupais, desenvolver distintos roles, ou dirixir ao grupo serán prácticas na aula de música.

**6. Educación cívica e constitucional.** As actividades musicais grupais son entorno idóneos para desenvolver o civismo, o respecto, mantemento dos turnos de palabra, tolerancia, empatía etc.

### **5. PRIMEIRO DE BACHARELATO**

#### **LINGUAXE E PRÁCTICA MUSICAL.**

A materia de Linguaxe e Práctica Musical concíbese como unha continuación da formación musical recibida polo alumnado na etapa educativa anterior, que lle permite ampliar, desenvolver e aplicar, con autonomía e en contextos diversos, os coñecementos e as capacidades que contribúen á adquisición dunha cultura musical sólida.



Considerando que a música ten como finalidade primordial a comunicación, é necesario que o alumnado conte coas ferramentas necesarias que lle axuden a comprender e a participar do feito musical.

Neste sentido, débese favorecer que o alumnado se implique activamente no proceso artístico musical.

A expresión e a linguaxe musical son os dous ámbitos do coñecemento musical en torno aos que se organiza esta materia; está estruturada en cinco bloques

- 1.- Destrezas musicais
- 2.- A audición comprensiva
- 3.- A teoría musical
- 4.- A creación e a interpretación
- 5.- As tecnoloxías aplicadas ao son

Os 5 bloques serán presentados nas actividades de ensino e aprendizaxe relacionados entre si, xa que estes ámbitos se complementan e interactúan; refórzanse e desenvólvense mutuamente.

A comprensión dos elementos morfolóxicos e sintácticos da linguaxe musical contribúe a perfeccionar a capacidade de expresarse a través da interpretación e a creación do feito musical concreto, completándose así o proceso de adquisición dunha linguaxe.

A súa aprendizaxe como instrumento de comunicación debe basearse, tamén, na audición comprensiva, na memoria musical, na práctica vocal, instrumental e rítmica, e na lectoescritura musical como recurso útil para fixar os conceptos lingüísticos.

A expresión musical refírese á creación e a interpretación de pezas vocais e instrumentais. A interpretación achega o alumnado a un repertorio musical amplo e variado, posibilita a adquisición de capacidades e destrezas técnicas e interpretativas, e favorece a sensibilidade auditiva e a memoria musical.

A interpretación instrumental e vocal, nunha educación musical na que a práctica é o centro da acción pedagóxica, é tamén un procedemento esencial para aprender os contidos da linguaxe musical e reforzar os coñecementos adquiridos; a experiencia, que é previa á abstracción conceptual.

A creación musical explora os elementos propios da linguaxe musical, experimenta cos sons e combínaos a través da improvisación, dos arranxos e da composición.

Todo isto poténciase coas tecnoloxías da información, da comunicación e da creación artística, que, postas á disposición da música, constitúen un recurso importante para indagar, obter información e comunicarse, e un medio para crear e descubrir músicas de todos os estilos e de todas as culturas.

A materia de Linguaxe e Práctica Musical está orientada a espertar o interese do alumnado por participar de forma activa, informada e lúdica como oínte, intérprete ou compositor/a, tanto na súa vida educativa como na súa vida privada.

A materia contribúe ao desenvolvemento de valores como o esforzo, a constancia, a disciplina, a toma de decisións, a autonomía, o compromiso, a asunción de responsabilidades e o espírito emprendedor, innovador e crítico.

Tal e como demostran numerosos estudos publicados, a práctica musical mellora a memoria, a concentración, a atención, a psicomotricidade, o control das emocións, a autoestima, as habilidades para enfrontarse a un público ou a capacidade para traballar en grupo.

A música favorece a adquisición das competencias clave, procura un ensino integral e axuda na maduración do alumnado, ademais de favorecer o espírito de motivación e superación persoal.

En definitiva, a actividade musical promovida dende esta materia, favorece as capacidades sociais e expresivas dos alumnos e das alumnas.

## **5.1 OBXECTIVOS DE BACHARELATO**

O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) A anzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o ecaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con uidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como a anzar a sensibilidade e o respecto

cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

m) A anzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, exhibibilidade, iniciativa, traballo en equipo, con anza nun mesmo e sentido crítico.

n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.

o) A anzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

p) Valorar, respectar e a anzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

## 5.2. OBXECTIVOS DA AREA DE MÚSICA

a.- Expresarse musicalmente a través da improvisación, a composición, a interpretación instrumental, o canto, o movemento, a audición, disfrutando e compartindo a vivencia cos compañeiros.

b.- Percibir conscientemente os elementos constitutivos da linguaxe e os distintos parámetros musicais, partindo da propia experiencia auditiva ou da interpretación memorizada ou improvisada, de diferentes pezas musicais.

c.- Interiorizar o pulso musical, desenvolvendo a coordinación motriz, a través da realización de ritmos, de actividades de danza e movemento, evolucionando no espacio e construíndo figuras harmoniosas acordes co carácter da música.

d.- Utilizar unha correcta emisión da voz para a reprodución interválica e melódica xeral, ata consideralas como un medio expresivo propio.

e.- Percibir e executar con independencia estruturas e desenvolvementos rítmicos ou melódicos simultáneos, utilizando a disociación auditiva e motriz.

f.- Desenvolver a memoria e o «oído interno» para relacionar a audición coa escritura, así como para recoñecer timbres, estruturas, formas, indicacións dinámicas, expresivas, temporais, etc.

g.- Recoñecer a través da audición, da experimentación e da lectura os acordes, as estruturas harmónicas básicas, as súas normas e os sons de ornamentación e intensificación expresiva.

h.- Practicar e coñecer os elementos básicos da linguaxe musical relativos á música clásica, así como os do jazz, o pop, o rock, o flamenco, a música procedente doutras culturas e os máis comúns da linguaxe musical contemporánea.

i.- Coñecer e utilizar algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías aplicadas á música, tanto na composición como na escritura ou na gravación audiovisual.

l.- Ser consciente da importancia que teñen as normas e regras que rexen a actividade musical de conxunto e aceptar a responsabilidade que, como membro dun grupo, se contrae coa música e os compañeiros.

M.- Coñecer, desde a experiencia práctica, as características e peculiaridades máis destacables da música popular e tradicional galega.

### **5.3.CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, CONTIDOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN. TEMPORALIZACIÓN.**

A asignatura Linguaxe e práctica musical está articulada en torno a un proxecto “**COMPOÑEMOS UNHA OBRA MUSICAL**”, que estará estruturada en tres fases:

1. Pensando una obra musical
2. Compoñendo una obra música
3. Interpretando una obra musical

Durante a segunda metade de outubro o alumnado decidirá que tipo de composición musical quere compoñer, o seu xénero e estilo, temática, intención... para o que previamente recibirá una breve información das opcións coas que conta.No caso de proxectos excesivamente ambiciosos ou alumnado menos desenvolto, a composición será única para todo o grupo, repartida en distintos bloques.

Este proxecto serve como pretexto para o desenvolvemento dos cinco bloques no que se articula a asignatura, aportando ademáis un incentivo extraordinario como é o reto de ser capaces de componden una obra musical propia, que realmente poda ser interpretada ao final de curso, tanto polos propios alumnos e alumnas de 1º de bacharelato, como por alumnado doutros cursos.

UT	BLO QUE	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACION	ESTANDARES	CC L	TE MP OR ALI ZAC ION
1	1,2,3,4,5	<p>PENSANDO UNHA OBRA MUSICAL. A INFORMACIÓN</p> <p>1. Ferramentas para componer.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-A forma o estilo e o xénero en música</li> <li>- O ritmo</li> <li>- A melodía</li> <li>- A armonía.</li> <li>- Sistemas de escritura musical</li> <li>- Programas editores de partituras I</li> <li>- Práctica de ritmo</li> <li>- Práctica vocal</li> <li>- Práctica instrumental</li> <li>- Taller de danza</li> </ul>	<p>B3.1. Coñecer e aplicar na lectura e na interpretación os termos e os signos relacionados co ritmo e coa expresión musical</p> <p>B3.2. Recoñecer nunha partitura os elementos básicos da linguaxe musical</p> <p>B2.1 Recoñecer auditivamente o pulso dunha obra ou dun fragmento, así como o acento periódico, e interiorizalo para manter durane breves periodos de silencio</p> <p>B2.2. Recoñecer auditivamente e describir con posterioridade as características das obras escoitadas ou interpretadas.</p> <p>B1.1. Entoar cunha correcta emisión da voz, individual ou conxuntamente, unha melodía ou unha canción con acompañamento.</p> <p>B1.2. Identificar e reproducir intervalo modelos melódicos sinxelos, escalas ou acordes arpegiados a partir de diferentes alturas.</p> <p>B1.3. Identificar e executar instrumental ou vocalmente estruturas e patrons rítmicos ou melódicos simuláneos dunha obra breve ou dun fragmento, con ou sen cambio de compás, nun tempo establecido.</p> <p>4.1. Realizar exercicios psicomotores e improvisar estruturas rítmicas sobre un fragmento escoitado de maneira tanto individual como de conxunto.</p> <p>B4.2. Improvisar individualmente ou de xeito colectivo, breves melodías tonais ou modais, pequenas formas musicais</p>	<p>LPMB3.1.1. Identifica e interpreta os termos e signos relacionados co ritmo e coas expresión musical</p> <p>LPMB3.1.2. Identifica e interpreta os signos gráficos da linguaxe musical contemporánea</p> <p>LPMB3.2.1. Identifica os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando diferentes soportes</p> <p>LPMB3.2.2. Recoñece elementos básicos harmónicos e formais</p> <p>LPMB3.2.3. Aplica correctamente a terminoloxía propia da teoría musical</p> <p>LPMB2.1.1. Percibe o pulso como referencia básica para a execución rítmica, así como a identificación do acento periódico base do compás e logra unha correcta interiorización do pulso que lle permite posteriormente unha axeitada execución individual ou colectiva</p> <p>LPMB2.2.1. Percibe aspectos rítmicos, melódicos, tonais, modais, cadenciais, formais, tímbricos... das obras escoitadas ou interpretadas</p> <p>LPMB2.2.2. Utiliza a lectura e a escritura musical como apoio a audición</p> <p>LPMB2.2.3. Escoita obras musicais seguindo a partitura</p> <p>LPMB2.2.4. Escoita e recoñece os elementos básicos das linguaxes propias da música culta, jazz, rock e flamenco, así como os máis importantes da linguaxe musical contemporánea</p> <p>LPMB1.1.1. Coñece os órganos e funcións do aparello fonador</p> <p>LPMB1.1.2. Realiza exercicios de respiración, relaxación e articulación, fraseo etec e valoraos como elementos imprescindibles para a adquisición da técnica vocal</p> <p>LPMB1.1.3. Aplica a técnica vocal para cantar entoada ou afinadamente, aplicando as indicacións expresivas e dinámicas presentes na partitura</p> <p>LPMB1.2.1. Reproduce e identifica intervalos, escalas</p>	<p>CA A CS C CC EC CD CSI EE CM CCT CC L</p>	<p>P R I M E I R O</p> <p>T R I M E S T R E</p>

UT	BLO QUE	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACION	ESTANDARES	CC L	TE MP OR ALI ZAC ION
2	1,2,3,4,5	<p>COMPOÑENDO UNHA OBRA MUSICAL. A ELECCIÓN</p> <p>1. Comezo a compoñer</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Estrofas, estribillos, temas y estilos. Como quero que soe a miña composición</li> <li>- O ritmo</li> <li>- A melodía</li> <li>- A armonía.</li> <li>- Instrumentos musicais. Insurmentos electrónicos.Elección de instrumentos.</li> <li>- A voz. A evolución da voz como comunicadora de sentimentos e emoción sao longo do tempo.</li> <li>- Programas editores de partituras II</li> <li>- Outros tipos de software musical. Programas xeradores de acopañamentos.</li> <li>- Práctica de ritmo</li> <li>- Práctica vocal</li> <li>- Práctica instrumental</li> <li>- Taller de danza</li> </ul>	<p>B3.1. Coñecer e aplicar na lectura e na interpretación os termos e os signos relacionados co ritmo e coa expresión musical</p> <p>B3.2. Recoñecer nunha partitura os elementos básicos da linguaxe musical</p> <p>B2.1 Recoñecer auditivamente o pulso dunha obra ou dun fragmento, así como o acento periódico, e interiorizalo para manter durane breves periodos de silencio</p> <p>B2.2. Recoñecer auditivamente e describir con posterioridade as características das obras escoitadas ou interpretadas.</p> <p>B1.1. Entoar cunha correcta emisión da voz, individual ou conxuntamente, unha melodía ou unha canción con acompañamento.</p> <p>B1.2. Identificar e reproducir intervalo modelos melódicos sinxelos, escalas ou acordes arpexiados a partir de diferentes alturas.</p> <p>B3.1. Identificar e executar instrumental ou vocalmente estruturas e patrons rítmicos ou melódicos simuláneos dunha obra breve ou dun fragmento, con ou sen cambio de compás, nun tempo establecido.</p> <p>4.1. Realizar exercicios psicomotores e improvisar estruturas rítmicas sobre un fragmento escoitado de maneira tanto individual como de conxunto.</p> <p>B4.2. Improvisar individualmente ou de xeito colectivo, breves melodías tonais ou modais, pequenas formas musicais</p>	<p>LPMB3.1.1. Identifica e interpreta os termos e signos relacionados co ritmo e coas expresión musical</p> <p>LPMB3.1.2. Identifica e interpreta os signos gráficos da linguaxe musical contemporanea</p> <p>LPMB3.2.1. Identifica os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando diferentes soportes</p> <p>LPMB3.2.2. Recoñece elementos básicos harmónicos e formais</p> <p>LPMB3.2.3. Aplica correctamente a terminoloxía propia da teoría musical</p> <p>LPMB2.1.1. Percibe o pulso como referencia básica para a execución rítmica, así como a identificación do acento periódico base do compás e logra unha correcta interiorización do pulso que lle permite posteriormente unha axeitada execución individual ou colectiva</p> <p>LPMB2.2.1. Percibe aspectos rítmicos, melódicos, tonais, modais, cadenciais, formais, tímbricos...das obras escoitadas ou interpretadas</p> <p>LPMB2.2.2. Utiliza a lectura e a escritura musical como apoio a audición</p> <p>LPMB2.2.3. Escoita obras musicais seguindo a partitura</p> <p>LPMB2.2.4. Escoita e recoñece os elementos básicos das linguaxes propias da música culta, jazz, rock e flamenco, así como os máis importantes da linguaxe musical contemporanea</p> <p>LPMB1.1.1. Coñece os órganos e funcións do aparello fonador</p> <p>LPMB1.1.2. Realiza exercicios de respiración, relaxación e articulación, fraseo etec e valoraos como elementos imprescindibles para a adquisición da técnica vocal</p> <p>LPMB1.1.3. Aplica a técnica vocal para cncatar entoada ou afinadamente, aplicando as indicacións expresivas e dinámicas presentes na partitura</p> <p>LPMB1.2.1. Reproduce e identifica intervalos, escalas</p>	<p>CA</p> <p>A</p> <p>CS</p> <p>C</p> <p>CC</p> <p>EC</p> <p>CD</p> <p>CSI</p> <p>EE</p> <p>CM</p> <p>CCT</p> <p>CC</p> <p>L</p>	<p>S</p> <p>E</p> <p>G</p> <p>U</p> <p>N</p> <p>D</p> <p>O</p> <p>T</p> <p>R</p> <p>I</p> <p>M</p> <p>E</p> <p>S</p> <p>T</p> <p>R</p> <p>E</p>

UT	BLO QUE	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACION	ESTANDARES	CC L	TE MP OR ALI ZAC ION
3	1,2,3,4,5	<p>INTERPRETANDO UNHA OBRA MUSICAL. O CONCERTO</p> <p>1. Interpretamos a nosa obra musical</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-A forma o estilo e o xénero en música</li> <li>- O ritmo</li> <li>- A melodía</li> <li>- A armonía.</li> <li>- Programas editores de partituras I</li> <li>- Programas de grabación de imaxe e video asociados a música.</li> <li>- A produción musical. Epectáculos musicales.</li> <li>- Os espazos para concertos. Diseño e acústica.</li> <li>- Práctica de ritmo</li> <li>- Práctica vocal</li> <li>- Práctica instrumental</li> <li>- Taller de danza</li> </ul>	<p>B3.1. Coñecer e aplicar na lectura e na interpretación os termos e os signos relacionados co ritmo e coa expresión musical</p> <p>B3.2. Recoñecer nunha partitura os elementos básicos da linguaxe musical</p> <p>B2.1 Recoñecer auditivamente o pulso dunha obra ou dun fragmento, así como o acento periódico, e interiorizalo para manter durane breves periodos de silencio</p> <p>B2.2. Recoñecer auditivamente e describir con posterioridade as características das obras escoitadas ou interpretadas.</p> <p>B1.1. Entoar cunha correcta emisión da voz, individual ou conxuntamente, unha melodía ou unha canción con acompañamento.</p> <p>B1.2. Identificar e reproducir intervalo modelos melódicos sinxelos, escalas ou acordes arpexiados a partir de diferentes alturas.</p> <p>B3.1. Identificar e executar instrumental ou vocalmente estruturas e patrons rítmicos ou melódicos simuláneos dunha obra breve ou dun fragmento, con ou sen cambio de compás, nun tempo establecido.</p> <p>4.1. Realizar exercicios psicomotores e improvisar estruturas rítmicas sobre un fragmento escoitado de maneira tanto individual como de conxunto.</p> <p>B4.2. Improvisar individualmente ou de xeito colectivo, breves melodías tonais ou modais, pequenas formas musicais</p>	<p>LPMB3.1.1. Identifica e interpreta os termos e signos relacionados co ritmo e coas expresión musical</p> <p>LPMB3.1.2. Identifica e interpreta os signos gráficos da linguaxe musical contemporánea</p> <p>LPMB3.2.1. Identifica os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando diferentes soportes</p> <p>LPMB3.2.2. Recoñece elementos básicos harmónicos e formais</p> <p>LPMB3.2.3. Aplica correctamente a terminoloxía propia da teoría musical</p> <p>LPMB2.1.1. Percibe o pulso como referencia básica para a execución rítmica, así como a identificación do acento periódico base do compás e logra unha correcta interiorización do pulso que lle permite posteriormente unha axeitada execución individual ou colectiva</p> <p>LPMB2.2.1. Percibe aspectos rítmicos, melódicos, tonais, modais, cadenciais, formais, tímbricos...das obras escoitadas ou interpretadas</p> <p>LPMB2.2.2. Utiliza a lectura e a escritura musical como apoio a audición</p> <p>LPMB2.2.3. Escoita obras musicais seguindo a partitura</p> <p>LPMB2.2.4. Escoita e recoñece os elementos básicos das linguaxes propias da música culta, jazz, rock e flamenco, así como os máis importantes da linguaxe musical contemporánea</p> <p>LPMB1.1.1. Coñece os órganos e funcións do aparello fonador</p> <p>LPMB1.1.2. Realiza exercicios de respiración, relaxación e articulación, fraseo etec e valoraos como elementos imprescindibles para a adquisición da técnica vocal</p> <p>LPMB1.1.3. Aplica a técnica vocal para cncatar entoada ou afinadamente, aplicando as indicacións expresivas e dinámicas presentes na partitura</p> <p>LPMB1.2.1. Reproduce e identifica intervalos, escalas</p>	<p>CA A CS C CC EC CD CSI EE CM CCT CC L</p>	<p>T E R C E I R O</p> <p>T R I M E S T R E</p>

#### 5.4. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA. PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Para avaliar a asignatura clasificaremos os estándares de aprendizaxe en TRES tipos. Estándares prácticos( bloque 1,2 e 4) Destrezas musicais, Audición comprensiva e creación e interpretación), estándares teóricos( Bloques 3 e 5): Teoría musical e tecnoloxías) e estándares de actitude. Estes estándares serán avaliados nas tres avaliacións.

Os instrumentos de avaliación na asignatura de música serán:

- Lectura individual de exercicios de linguaxe musical.
- Interpretación individual con Instrumentos das obras traballadas en clase.
- Interpretación de exercicios rítmicos.
- Interpretación colectiva de obras musicais de distintos xéneros, estilos ...con instrumentos de percusión, instrumental orffetc..
- Interpretación de coreografías sinxelas previamente preparadas en clase
- Interpretación vocal de pequenas obras traballadas na clase
- Realización de exercicios escritos( un por avaliación) que acrediten ter aprendido os conceptos teóricos explicados na clase
- Realización de traballos de investigación sobre un tema concreto.
- Realización da parte correspondente a avaliación, do proxecto de creación dunha obra musical, escrita cun editor de partituras ou aplicando as tecnoloxías correspondentes a avaliación
- Observación das actitudes amosadas polo alumnado en canto a interpretación colectiva, interese en mellorar na materia; respecto, e comportamento correcto na aula, interese en participar nas actividades propostas...

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES			
Estándares	Instrumentos	Grao mínimo	Porcentaxe cualificación



<p><b>Estándares bloque 1</b></p> <p>LPMB1.3.3. Practica a lectura e a escritura musical, reoñecendo a súa importancia para afondar na aprendizaxe da linguaxe musical.</p> <p>LPMB1.3.1. Interpreta instrumentalmente ou vocalmente, con total precisión dentro dun tempo establecido, estruturas rítmicas adecuadas a este nivel dunha obra ou un fragmento, sentindo internamente o pulso e aplicando, se procede, as equivalencias nos cambios de compás</p>	<p>Lectura de partituras de distinta dificultad. Compases simples e compuestos en clave de sol.</p> <p>Partituras para diversos instrumentos, interpretación individuais ou colectivas</p>	<p>50%</p> <p>50%</p>	<p>40%</p>
<p>LPMB2.2.2. Utiliza a lectura e a escritura musical como apoio a audición. E capaz de seguir unha partitura, mentres a escoita.</p>	<p>Partituras en diversos soportes</p>	<p>50%</p>	
<p>LPMB4.2.1. Asimila os conceptos tonais e modais básicos, desenvolvendoa creatividade e a capacidade de seleccionar e usar libremente os elementos da linguaxe musical de acordo cunha idea e estruturados nunha</p>	<p>Análisis de partituras, e realización de acompañamentos armónicos.</p>	<p>50%</p>	
<p>LPMB4.3.1. Coñece o repertorio traballado e ten capacidade de memorización, sensibilidade musical e capacidade expresiva</p>	<p>Interpretación individual e colectiva</p>	<p>50%</p>	
<p>LPMB4.3.3. Utiliza os instrumentos da aula cunha técnica correcta.</p>	<p>Observación e rúbrica</p>	<p>50%</p>	
<p>LPMB4.4.1 Crea unha pequena obra musical utilizando os coñecementos adquiridos</p>	<p>Exercicio de composición dirixido</p>	<p>50%</p>	
<p><b>Estándares bloque 2</b></p> <p>LPMB3.1.1. Identifica e interpreta os termos e signos relacionados co ritmo e coa expresión musical</p>	<p>Probos de audición e interpretación</p>	<p>50%</p>	<p>40%</p>
<p>LPMB3.2.1. Identifica os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando diferentes soportes</p>	<p>Audicións de distintas obras musicais</p>	<p>50%</p>	

LPMN3.2.2. Recoñece elementos básicos harmónicos e formais	Proba escrita u oral de análise e audición de diversas obras musicais	50%	
LPMB3.2.3. Aplica correctamente a terminoloxía propia da teoría musical	T r a b a l l o individual. Proba escrita u oral Rúbrica	2 p	
LPMB5.2.2. Utiliza de forma autónoma os recursos tecnolóxicos como ferramentas para a audición, a interpretación, a creación, a edición a gravación, a investigación e a aprendizaxe do feito musical.	T r a b a l l o individual Rúbrica		
<b>Estándares bloque 3</b>			
LPMB4.3.2. Mantén unha actitude positiva ante a música e os compañeiros	Observación en aula e rúbrica	2 p	20%
LPMB4.5.1. Compórtase de maneira correcta como espectadores/a e como intérprete na realización de actividades musicais desenvolvias en diferentes contextos	Observación en aula e rúbrica	2 p	
LPM4.3.5. Mantén una actitude positiva para integrarse como un membro máis do grupo	Observación en aula e rúbrica	2 p	
LPM Realiza as tarefas sempre que se lle encomendan, tanto individuais como en grupo.	Observación na aula e rúbrica	2 p	

## 5.5.CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

Para la cualificación del alumnado sumaremos os puntos obtidos nas probas realizadas para avaliar cada uno dos estándares, dividida polo número das mesmas. Se aplicará a porcentaxe para cada un dos bloques

No caso das rúbricas estas serán puntuadas ata un máximo de 4 puntos, dividindo o resultado da suma total polo número das mesmas.

As probas orais ou escritas serán cualificadas sobre 10 puntos.

A cualificación final do alumnado será de 1 a 10 puntos.

Ningún alumnado poderá cualificar positivamente se obtén un cero nalgunh dos bloques

Para poder acadar una cualificación positiva e a promoción o alumnado deberá obter alo menos 5 puntos.

Exemplo:

Avaliamos 7 estándares do bloque 1 ( sumamos os puntos e dividimos entre 7 )= 40% da cualificación

5 estándares do bloque 2( Sumamos os puntos e dividimos entre 5)=40% da cualificación

4 estándares do bloque 3(Sumamos os puntos e dividimos entre 4)= 20% da cualificación.

Aqueles alumnados que non superasen unha avaliación, poderán recuperala sempre que aproben a avaliación seguinte.

Para aqueles alumnos que tivesen dous o máis avaliacións suspensas realizarase una recuperación final que versará sobre os contidos mínimos sinalados.

Coa finalidade de subsanar problemas de promoción no alumnado que presente problemas de aprendizaxe, valorarse positivamente na cualificación final, o esforzó e interés amosado polo alumnado cara a asignatura. Asi mesmo valorarase de xeito negativo o abandono da asignatura por parte do alumnado ( non asistir a exames sen causa xustificada)

## 5.6. METODOLOXÍA. MATERIAL DIDÁCTICO.

### - Principios metodolóxicos:

A actividade: supón a posta en marcha dunha serie complexa de variables que, debido ó talante da materia de música, poden ser corporais, intelectuais, espirituais, afectivas, sociais e interpretativas.

A unidade de teoría e práctica: o xeito de mesturar a práctica e a teoría a través da actividade precisa dun principio de intervención educativa que teña como base a investigación persoal, por parte da profesora, e do alumnado, tanto individual como en grupo. No proceso de aprendizaxe, o alumnado deberá expresar as propias ideas, opinións e valoracións, no marco dunha análise, que obrigue a unha síntese e un debate aberto sobre elas, con vistas ó desenvolvemento da capacidade reflexiva, o sentido crítico e a capacidade analítica.

A atención personalizada: en todo momento a profesora terá en conta a dimensión individual e afectiva de cada membro do grupo, partindo das súas capacidades (dentro das lóxicas limitacións da nosa ensinanza).

A creatividade: mediante a inclusión de actividades que estimulen o pensamento (exercicios, traballos, prácticas, investigacións...)

A socialización: potenciando as relacións do grupo entre si e o traballo de equipo (que supón a práctica vocal, instrumental e/ou corporal).

A globalización: dotando á programación dun enfoque interdisciplinar, aproveitando os puntos de contacto co currículo doutras materias e cos temas transversais.

### **Métodos didácticos:**

Método de proxectos: aproxima ao alumnado situacións complexas con vistas a que tenten resolvelas dun xeito creativo, estimulando a imaxinación, a creatividade e a aplicación das súas propias experiencias. O alumnado debe partir dunha globalización, de ter en conta tódolos datos coñecidos, con vistas a confrontalos para atopar a mellor solución.

Aprendizaxe por descubrimento: a súa base é observar e rexistrar información de xeito sistemático, da que se poida extraer conclusións. Non se trata de proporcionar directamente os coñecementos, senón de ensinarlles a manexar os que xa saben, con vistas a que eles mesmos poidan descubrir, coa axuda da profesora, outras cousas.

Método científico: parte da aproximación ao problema, seguido da formulación dunha hipótese, dedución das consecuencias, proba, introdución das conclusións extraídas na teoría inicial e reaxuste da hipótese.

### **Modelos de aprendizaxe:**

O modelo de aprendizaxe a empregar baséase na **aprendizaxe significativa**, desde o punto de vista construtivista da interpretación pedagóxica. A partir dos coñecementos previos do alumnado, desenvólvense os contidos de xeito estruturado, de maneira que as posibilidades de que o alumnado constrúa novas aprendizaxes depende do xa aprendido, tendo en conta que cada nova aprendizaxe aumenta a capacidade de aprender. En base a este principio, terase en conta o seguinte:

Propiciar situacións que sexan motivadoras para o alumnado ou ben que favorezan a potenciación da motivación ante o fenómeno musical.

Crear contextos de aprendizaxe que lles obrigue a ter presentes os contidos xa apreñendidos.

Garantir a construción de aprendizaxes significativas e en espiral, a través da necesidade de lembrar os coñecementos adquiridos previamente.

Promover na aula un ambiente de intercambio, colaboración e interrelación, como motor da aprendizaxe.

Co **emprego das TICs e o uso de Internet** estase traballando tamén cun novo modelo de aprendizaxe: o **conectivismo**, por medio do cal a aprendizaxe está considerada coma pequenos nodos de coñecemento que sempre están en expansión. Téntase crear a idea no alumnado que o emprego das TICs ten un comezo e, a partir dese momento, todo é expansión.

O material didáctico empregado será:

- Cuaderno de pentagramas e outras ferramentas de escritura. Partituras.
- Flauta
- Instrumental orff, xilófonos, metalófonos etc...pequeña percusión
- Boomwakers
- Guitarra, teclado, baixo eléctrico , batería...
- Ordenador, canón de video, conexión a internet para proxección de videos musicais e materiais didácticos dixitais.
- Ordenadores aula informática, para empregar programas informáticos de grabación, video, edición de partituras etc

## 5.7. ORGANIZACIÓN DE PROCEDIMENTOS PARA ACREDITAR COÑECEMENTOS PREVIOS

DESEÑO DE PROBAS
Proba escrita con exercicios de linguaxe musical : 4 puntos
Proba práctica de interpretación vocal ou instrumental individual ou grupalmente: 4 puntos
Proba con novas tecnoloxías de exercicios interactivos de internet: 2 puntos

RESULTADOS	MEDIDAS
Linguaxe musical < 2 puntos	- Repaso e reforzo de conceptos básicos de linguaxe e elementos musicais.
Interpretación musical < 2 puntos	- Repaso e reforzo das técnicas vocais e instrumentais.
Novas tecnoloxías < 1 punto	- Explicación pormenorizada do de programas editores e outras ferramentas interactivas.

## 5.8. MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

No caso de que algún alumno ou alumna tivese algúnha necesidade educativa especial que lle impidise seguir o normal desenvolvemento da clase, xunto co departamento de orientación, recolleranse os informes, e elaboraranse as actividades de reforzo que lle permitan superar a materia, independentemente de que fosen dificultades de tipo motriz, sensorial ou cognitiva. En xeral son poucas as persoas, que non poden atopar na música algún aspecto que se adecúe as súas necesidades. audición, interpretación, ritmo...

## 5.9 ELEMENTOS TRANSVERSAIS

**1. Comprensión lectora.** Traballaremos este aspecto, facendo lecturas de textos, de letras de cancións, interpretando os pasos das danzas...

**2. Expresión escrita e oral**, que se traballará a través de breves redacción de propostas de instrumentacións ou plantexamentos de coreografías. Nas deliberacións cos seus compañeiros, ou nas respostas a determinadas preguntas

**3. A comunicación audiovisual** está permanentemente presente na aula de música xa que diariamente empregamos o canón, internet, equipos de son, facemos gravacións etc...

**4. Tecnoloxías da innovación e da comunicación.** Intento que os meus alumnos coñezan programas informáticos e apps relacionados coa aprendizaxe da música, coa grabación e reprodución do son, e coas novas tecnoloxías en xeral. Nos cursos superiores en ocasións empregamos os teléfonos móbiles en clase para traballar con algunha app

**5. Emprendemento.** O mundo da música é un mundo de emprendedores, non só no aspecto artístico senon tamén no empresarial. Compartir iniciativas para a realización de determinadas actividades grupales, desenvolver distintos roles, ou dirixir ao grupo serán prácticas na aula de música.

**6. Educación cívica e constitucional.** As actividades musicais grupales son entorno idóneos para desenvolver o civismo, o respecto, mantemento dos turnos de palabra, tolerancia, empatía etc.

## **6.SEGUNDO DE BACHARELATO. HISTORIA DA MUSICA E DA DANZA**

### **INTRODUCCIÓN**

É esta unha asignatura que o Bacharelato de música, danza e artes escénicas tiña colocado como troncal obrigada na LOE, pero que a LOMCE coa súa xenreira contra todas as disciplinas artísticas non vinculadas coa palabra escrita degradou á posición de específica de calquera bacharelato, o resultado é; unha asignatura que non veu diminuída en nada o seu contido curricular, pero sí a súa carga lectiva, e por desgraza tamén os condicionamentos de traballo do seu alumnado.

Con respecto a xustificación do currículo da asignatura. A historia da música e da danza persegue proporcionar unha visión global do lugar que ocupan ambas na historia da arte e da súa achega á historia da humanidade, á vez que lle proporciona ao alumnado os fundamentos de comprensión, análise e valoración das creacións producidas no pasado e no presente, de maneira que poida ter criterios para establecer xuízos estéticos propios sobre elas e sobre a súa difusión e consumo na sociedade actual. Esta materia do bacharelato de artes introduce o alumnado no descubrimento dun amplo espectro de manifestacións e estilos, así como de diferentes modos de concibir a creación nestas disciplinas artísticas que, estreitamente relacionadas, discorren conxuntamente ao longo do tempo. Este carácter integrador da materia fai posible aproximarse á evolución das devanditas creacións entendéndooas como un todo. O seu coñecemento permite abrir horizontes novos e ampliar a perspectiva a partir da que observar a música e a danza, non tanto a través dun estudo pormenorizado das persoas autoras ou do catálogo das súas obras, como da comprensión e valoración das grandes achegas individuais ou colectivas, das súas características e do seu devir no tempo.

A materia traza un amplo panorama histórico en que teñen cabida os diferentes períodos nos cales, cun criterio máis ou menos convencional, adoita dividirse a historia da música e da danza a partir das súas orixes ata os nosos días, afondando especialmente nas épocas de que nos chegou repertorio de obras. Así mesmo, son obxecto de estudo as características máis relevantes

que configuran un estilo, as persoas autoras representativas de cada un e aquelas cuxas obras impulsaron a evolución e o cambio para novas concepcións estéticas da música e da danza.

Os contidos teñen como obxectivo principal o afondamento no coñecemento da música e da danza desde distintas perspectivas: artística, científica, técnica e social.

A práctica habitual de escoitar, ver ou presenciar espectáculos musicais ou de danza de obras representativas dos períodos históricos e o uso de fontes de información para afondar no coñecemento das características estilísticas e as correntes estéticas dos contextos en que se desenvolveron estas artes moldearán o gusto do alumnado e proporcionaranlle unha maior perspectiva a partir da cal contemplar a creación artística. Os coñecementos adquiridos permitiránlle comprender a evolución da música e da danza, establecer asociacións con outras manifestacións artísticas das sociedades en que se produciron, situar temporalmente as obras e, finalmente, construír argumentacións fundadas na súa análise e a valoración.

Hai que insistir en que a perspectiva debe ser eminentemente práctica; nela, debe perseguirse a participación activa do alumnado e a discusión de diferentes opinións ao fío das cuestións suscitadas polo profesorado. Aínda así, a materia non debe desligarse por completo dunhas bases teóricas, que deben vir da man fundamentalmente das propias fontes históricas. Deste xeito o alumnado debe familiarizarse coa lectura dos documentos e fontes que lle faciliten a comprensión de todo o relativo á música e á danza, relacionándoas coa información e as claves creativas e culturais proporcionadas polas propias persoas creadoras. O alumnado xa tratou, sucintamente, estes contidos na materia de música ao longo da etapa anterior. Polo tanto, os seus coñecementos previos facilitanlle a aprehensión dos contidos, especialmente dos relacionados coa historia da música e a presenza da música na sociedade. O coñecemento destes contidos desenvolverá a súa cultura; a integración de todos eles engade ao seu acervo académico habilidades e estratexias metodolóxicas que lle posibilitarán acceder e procesar os datos para, posteriormente, reflexionar autonomamente sobre eles. Así, a súa incorporación habilitarao para contextualizar, comprender, assimilar e comentar calquera obra que se someta á súa consideración.

A materia organízase en bloques que responden aos diversos períodos histórico-estilísticos, razón pola cal a maior parte dos contidos foron redactados como conceptos. A pesar disto, a interrelación do primeiro bloque cos demais sitúa, como ferramentas habituais do traballo diario, os procedementos. Finalmente, e como é inherente a toda actividade baseada na música e na danza, a actitude de escoita e observación, interese e respecto, así como de apertura de miras ante todo o que resulte novo, debe estar sempre presente na materia por parte do alumnado.

## **6.1 OBXECTIVOS DE BACHARELATO**

Os obxectivos concretados pola lexislación vixente para este nivel educativo son os seguintes segundo o art. 26. do Decreto de 25 de xuño de 2015 :

“O Bacharelato contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

- b) Consolidar unha madurez persoal e social que lles permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes, e en particular a violencia contra a muller e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe, e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e a comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e mellora da súa contorna social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- j) Comprender os elementos e procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- k) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- l) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- m) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social e impulsar condutas e hábitos saudables.
- n) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- o) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia e contribuir a súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.”

## **6.2.OBXECTIVOS PARA 2º DE BACHARELATO NA ASIGNATURA DE HISTORIA DA MÚSICA E DA DANZA**

1. Captar a través da audición e/ou visión de obras representativas, con ou sen apoio de partituras, as súas principais características formais, estéticas e estilísticas, co fin de situalas nos diferentes períodos da historia da música e da danza.



2. Coñecer as características dos diferentes períodos estilísticos da música e da danza, mediante o estudo das súas obras e persoas creadoras máis representativas, para comprender a evolución e importancia destas disciplinas artísticas no transcurso da historia.
3. Coñecer e valorar a importancia da música e a danza como manifestacións artísticas dunha sociedade, así como as súas relacións coa literatura e as demais artes, considerando a influencia de factores de tipo cultural, sociolóxico e estético no proceso creativo.
4. Desenvolver e ampliar a formación estética e o espírito crítico, adquirindo o hábito de escoitar ou presenciar espectáculos de música e de danza, en gravacións ou ben en directo, procedentes tanto da tradición clásica como doutras culturas ou de tendencias populares urbanas actuais, con vistas a construír un pensamento estético autónomo, aberto e flexible.
5. Empregar un léxico e terminoloxía apropiada, sexa oralmente ou por escrito, para expresar procesos musicais ou coreográficos, así como para formular e defender as súas valoracións críticas e persoais.
6. Utilizar con autonomía e creatividade as fontes bibliográficas e as tecnoloxías da información e da comunicación, valorando a súa utilidade como recursos tanto para o coñecemento e a investigación como para o lecer.
7. Valorar e coñecer as achegas realizadas polo Estado español, e en particular por Galicia, á música e á danza, con vistas a apreciar a súa relación co patrimonio artístico e cultural e apreciar a riqueza dos seus propios sinais de identidade.
8. Comprender e respectar as diversas manifestacións artísticas contemporáneas, impulsando a súa curiosidade e interese cara a elas, con vistas a fomentar a ampliación, de xeito autónomo, das súas preferencias e gustos persoais.
9. Comprender o proceso de creación musical e coreográfica distinguindo os axentes que inflúen directamente na súa difusión: intérpretes, instrumentos, gravacións, partituras, medios de comunicación, etc.

### **6.3. CONCRECCIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, CONTIDOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN.**

#### **CONTIDOS**

Desenvólvese o currículo deste curso, en torno a nove bloques de contidos.

Percepción, análise e documentación  
A música e a danza da Antigüidade á Idade Media  
O Renacemento  
O Barroco  
O Clasicismo  
O Romanticismo, o Nacionalismo e o Posromanticismo  
Primeiras tendencias modernas  
Música e Danza na segunda metade do século XX.  
A música tradicional no mundo

#### **Percepción, análise e documentación**

**Expresar xuízos persoais mediante unha análise estética ou un comentario crítico a partir da audición ou a visión e a análise dunha obra determinada, considerando aspectos técnicos, expresivos e interpretativos, utilizando os coñecementos adquiridos e a terminoloxía apropiada.**

*1. escoita, visión e análise de obras de música e danza representativas de cada período, procedentes doutras culturas o de manifestacións urbanas actuais, apreciando as súas características formais, estéticas e estilísticas.*

*-HMDB1.1.1. Realiza desde unha perspectiva persoal unha valoración estética e crítica dunha obra concreta ou dunha interpretación dela.*

*-HDMB1.1.2. Domina o vocabulario e a terminoloxía científica aplicados á música e á danza.*

*-HDMB1.1.3. Consulta e contrasta as fontes de información adecuadas para a elaboración dos comentarios.*

**Situar cronoloxicamente unha obra, tras a súa escoita ou a súa visión e análise, ou comparar obras de similares características, representativas dos estilos ou as escolas principais, e sinalar semellanzas e diferenzas entre elas.**

*1. A obra artística no seu contexto histórico.*

*2. Seguimento de fragmentos musicais escritos en diferentes notacións para unha mellor comprensión das características da obra.*

*- HDMB1.2.1. Identifica e sitúa cronoloxicamente os diferentes períodos da historia da música e da danza.*

*- HDMB1.2.2. Coñece e explica as principais características dos estilos, os xéneros ou as escolas, e detecta as diferenzas entre varias obras.*

*- HDMB1.2.3. Contextualiza a obra no seu momento histórico e/ou estilístico.*

**Identificar as circunstancias culturais ou sociolóxicas que poidan incidir no desenvolvemento evolutivo das épocas, os estilos ou os/as autores/as máis representativos/as da historia da música e da danza.**

*1. Elaboración de conclusións e valoracións estéticas propias, relacionando a música e a danza con outros aspectos do contexto en que se crearon, e seleccionando información procedente de diversas fontes sobre autorías e obras.*

*- HDMB1.3.1. Comprende e explica a complexidade do fenómeno artístico, e extrae conclusións propias con base nos coñecementos adquiridos na materia.*

*- HDMB1.3.2. Entende e explica a función das obras e a influencia na sociedade e noutras disciplinas artísticas no momento da súa creación.*

*- HDMB1.3.3. Comprende e describe o proceso creativo de músicos/as e coreógrafos/as.*

**Analizar textos relativos á música ou á danza.**

*1. Lectura e comentario crítico de textos literarios-musicais e relativos á danza.*

*- HMDB1.4.1. Describe as formulacións plasmadas polo/pola autor/a do texto, en relación coas correntes estéticas e estilísticas dunha época concreta.*

*- HMDB1.4.2. Elabora unha análise de texto de xeito ordenado e metódico, sintetizando as ideas, distinguindo a información principal da secundaria e usando un vocabulario técnico acorde.*

**Explicar, a partir dun exemplo proposto, a través dunha análise ou dun comentario, a utilización da música e da danza como soporte dun texto literario ou como medio de intensificación dramática en óperas, ballet, cine ou teatro.**

*1. Estudo da música e da danza como soporte literario e como medio de intensificación dramática.*

- HMDB1.5.1. *Comprende e explica o papel da música e da danza, e o xeito en que se relaciona con outras artes, para configurar xunto a elas unha obra artística total.*
- HMDB1.5.2. *Explica a utilización que se fixo da música nunha situación concreta.*
- HMDB1.5.3. *Selecciona pezas musicais para sonorizar ou ambientar situacións artísticas concretas.*

**Elaborar traballos de investigación, individuais ou en grupo, sobre algún aspecto determinado e relativo á música, a danza, a literatura ou a estética da arte de calquera época.**

*1.Documentación: recursos bibliográficos e ferramentas de consulta; fontes musicais, audiovisuais, iconográficas e sonoras.*

*2.Elaboración de argumentacións e xuízos persoais, utilizando o léxico e a terminoloxía específica e xeral, sobre obras e textos relacionados coa música ou a danza, coas correntes estéticas ou cos autores e as autoras.*

- HMDB1.6.1. *Transmite certeza e seguridade na comunicación das ideas, e dominio do tema de investigación.*
- HMDB1.6.2. *Selecciona correctamente temas obxecto de investigación, establecendo prioridades e superando con creatividade os obstáculos que vaian xurdindo.*
- HMDB1.6.3. *Asume con responsabilidade o seu papel no traballo en grupo, tomando as decisións pertinentes.*
- HMDB1.6.4. *Expón as súas reflexións sobre o proceso de investigación e elabora conclusións sobre o procedemento establecido, a repartición do traballo, as conclusións obtidas e unha posible continuación da investigación, facendo explícitas as súas impresións persoais sobre a experiencia.*
- HMDB1.6.5. *Expón de xeito preciso e ordenado os resultados do seu traballo de investigación, e cita as fontes consultadas.*
- HMDB1.6.6. *Utiliza as novas tecnoloxías da información e da comunicación, así como distintos medios e soportes técnicos*

### **A música e a danza da antigüidade á Idade Media.**

**Identificar, a través da audición ou da visión, obras da Idade Antiga e medievais, e describir os seus trazos máis característicos, xustificando a súa pertenza a este período histórico.**

*1. Música sacra. Canto gregoriano: características, orixe e evolución. Nacemento e evolución da polifonía: Ars Antiqua e Ars Nova. O Código Calixtino.*

*2. Música profana: xogares e goliardos.*

*3. Instrumentos medievais.*

4. *A danza na Antigüidade: Exipto, Mesopotamia e Persia, pobo hebreo e Creta.*
5. *A danza na Antigüidade clásica. Danzas teatrais en Roma e Grecia. Traxedia grega.*
6. *A danza na Idade Media. Danza e Igrexa. Carola, danza mesurada, momería e danza macabra.*

- HMDB2.1.1. *Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas.*

- HMDB2.1.2. *Coñece e describe as obras e os/as autores/as máis representativos/as deste período*

**Relacionar a historia da música e da danza na Idade Antiga e na Idade Media, así como as súas obras máis significativas, con outros aspectos da cultura, o contexto histórico e a sociedade do mesmo período.**

1. *Fontes iconográficas. Iconografía pétreo en Galicia e códices afonsinos*

2. *Lírica galaico-portuguesa. Afonso X o Sabio.*

3. *Contexto histórico, social e cultural no que se desenvolveron a música e a danza na Antigüidade e na Idade Media.*

- HMDB2.2.1. *Analiza a complexidade de circunstancias que, pola súa importancia, determinen o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autora determinada, establecendo xuízos críticos.*

### **O Renacemento.**

**Identificar obras do renacemento, a través da audición ou da visión, e describir os seus trazos máis característicos, xustificando a súa pertenza a este período histórico.**

1. *Polifonía renacentista: características e procedementos compositivos. Polifonía relixiosa.*

2. *Música da Reforma e da Contrarreforma. Música vocal profana: madrigal e estilo madrigalesco. Principais polifonistas.*

3. *O Renacemento en España: música vocal profana (vilancico e romance). Polifonistas do século de ouro: Tomás Luis de Victoria.*

4. *Música instrumental en España. Organoloxía. Fontes de estudo.*

5. *Danzas de corte: tipos e características.*

6. *Nacemento e evolución do Ballet de Corte.*

- HMDB3.1.1. *Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas.*

- HMDB3.1.2. *Coñece e describe as obras e os/as autores/as máis representativos/as deste período.*

**Relacionar a historia da música e da danza do Renacemento, así como as súas obras máis significativas, con outros aspectos da cultura, o contexto histórico e a sociedade do mesmo período.**

1. *Música da Reforma e da Contrarreforma. Música vocal profana: madrigal e estilo madrigalesco. Principais polifonistas*

2. *O Renacemento en España: música vocal profana (vilancico e romance). Polifonistas do século de ouro: Tomás Luis de Victoria-*

3. *Música instrumental en España. Organoloxía. Fontes de estudo.*

- HMDB3.2.1. *Analiza a complexidade de circunstancias que, pola súa importancia, determinen o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autor/a determinado/a, e establece xuízos críticos.*

### **O Barroco.**

**Identificar obras do barroco, a través da audición ou da visión, e describir os seus trazos máis característicos, xustificando a súa pertenza a este período histórico.**

1. *Música no Barroco: características, periodización e escolas*

2. *Nacemento da ópera. Ópera seria e ópera bufa.*

3. *Música e relixión: cantata, oratorio e paixón.*

4. *Formas instrumentais: orixe, características e evolución.*

5. *Organoloxía. Tipoloxía da orquestra barroca.*

6. *Ópera Ballet, Comedia Ballet e outros xéneros no Barroco.*

7. *Real Academia de Danza en París. Chegada do profesionalismo á danza.*

- HMDB4.1.1. *Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas.*

- HMDB4.1.2. *Coñece e describe as obras e os/as autores/as máis representativos/as deste período.*

**Relacionar a historia da música e da danza do barroco, así como as súas obras máis significativas, con outros aspectos da cultura, o contexto histórico e a sociedade do mesmo período.**

1. *Música barroca en España. Música vocal sacra e profana. Teatro musical: ópera e zarzuela. Música instrumental. Música nas catedrais galegas.*

2. *Principais compositores e compositoras. Función social da persoa compositora.*

